

**INFORME DE AVALIACIÓN DO 3º PLAN DE
IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DE MULLERES E
HOMES DO CONCELLO DE TOMIÑO
2017-2020**

Outubro de 2021

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. METODOLOXÍA.....	4
3. EXECUCIÓN DO 3º PLAN.....	7
3.1. AVALIACIÓN DO PROCESO	7
3.1.1. Área Estratéxica de Sensibilización e Participación en Igualdade de Oportunidades	
3.1.2. Área Estratéxica de Emprego e Conciliación	
3.1.3. Área Estratéxica de Eliminación da Violencia Machista.	
3.2. AVALIACIÓN DE RESULTADOS.....	48
3.2.1. Área Estratéxica de Sensibilización e Participación en Igualdade de Oportunidades	
3.2.2. Área Estratéxica de Emprego e Conciliación	
3.2.3. Área Estratéxica de Eliminación da Violencia Machista.	
3.3. AVALIACIÓN GLOBAL DO PLAN.....	52
3.3.1. Área Estratéxica de Sensibilización e Participación en Igualdade de Oportunidades	
3.3.2. Área Estratéxica de Emprego e Conciliación	
3.3.3. Área Estratéxica de Eliminación da Violencia Machista.	
4. VALORACIÓN DOS DEPARTAMENTOS E AXENTES SOCCIOCOMUNITARIOS...57	
5. CONCLUSIÓNS E REFLEXIÓNS FINAIS.....	59

1. INTRODUCCIÓN

O 3º Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e homes foi concibido como o documento de traballo onde se establecían as liñas de intervención que orientaba a acción municipal en materia de igualdade de oportunidades de mulleres e homes do Concello de Tomiño no período 2017-2020. Polo tanto, unha vez rematado o período de vixencia, toca acometer a súa avaliación como unha fase imprescindible para verificar o traballo realizado, tendo en conta o establecido na programación inicial e cuxo resultado permita comprobar o logro dos obxectivos formulados.

A avaliación é un elemento clave en calquera organización que ten como obxectivo prioritario determinar a eficacia, eficiencia e idoneidade das políticas públicas porque facilita o proceso de toma de decisións sobre ditas políticas. Resulta imprescindible para poder levar a cabo a análise, e a mellora constante e real das actuacións que se desenvolven, e neste sentido, esta mellora unicamente será posible si as accións formuladas e desenvolvidas son retroalimentadas polos seus efectos. Polo tanto, debe ser concibida como un proceso de aprendizaxe que mida os impactos e os transforme nun sistema de mellora da xestión dos programas e políticas.

Neste sentido, o documento que a continuación presentamos é o resultado da realización dunha avaliación **final e externa** sobre o 3º Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Tomiño. Final porque se efectúa unha vez finalizado o período de vixencia do mesmo e está dirixida a coñecer e valorar o grao de consecución dos obxectivos, os resultados acadados, os recursos empregados e o impacto obtido. Externa porque é realizada por unha entidade externa á Administración Local, o que lle confire obxectividade aos resultados.

Neste contexto, o obxectivo deste informe final de avaliación é coñecer o nivel de execución do 3º Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes do Concello de Tomiño, así como identificar os atrancos e dificultades presentadas para a súa consecución. Trátase de determinar o nivel de desenvolvemento das accións formuladas; establecer o grao de cumprimento dos obxectivos e reflexionar sobre o proceso de elaboración e desenvolvemento do Plan de Igualdade. Toda esta información (cuantitativa e cualitativa), unida ao diagnóstico da situación de mulleres e homes da localidade, permitirá realizar a elaboración do 4º Plan Integral de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e homes de Tomiño adaptado á realidade social actual.

2. METODOLOXÍA

O 3º Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes contempla que, “a avaliación, entendida como un *proceso sistemático*, terá como obxectivos: Determinar o nivel de consecución dos obxectivos establecidos; coñecer o grao de cumprimento das accións deseñadas; detectar os avances e atrancos na súa execución e descubrir os efectos do seu desenvolvemento. Para elo, empregarase un sistema de *seguimento continuo* que permitirá realizar un control sistemático das accións desenvolvidas, a través dunha serie de indicadores que proporcionen información que permita cuantificar si os obxectivos propostos foron acadados, como se desenvolveu o Plan e as súas respectivas accións. Posibilitará tamén, detectar as dificultades atopadas e a necesidade de introducir cambios e/ou axustes nas áreas que o precisen”. Neste sentido, tendo en conta o establecido, desenvolverase: Unha avaliación do proceso, de resultados e de impacto.

A avaliación acometese dende unha estratexia plural e flexible, que combine, por un lado, unha valoración exhaustiva e global da execución do Plan, rendendo contas e de valoración xeral do grao de cumprimento. Por outro, a realización de análises específicos que resultan de grande utilidade para extraer aprendizaxes que propicien unha mellora.

A avaliación do **proceso** céntrase en profundar no proceso de implantación e de organización. Avaliase o grao de cumprimento das accións a través das actividades realizadas.

A avaliación de **resultados** mide o nivel de cumprimento dos obxectivos a través do grao de execución das accións.

A **primeira fase** consistiu na lectura e análise do plan de igualdade desagregado por áreas de actuación, e o estudo do marco legislativo en materia de igualdade de oportunidades.

Na **segunda fase** establécese contacto coa técnica do Servizo de Asesoramento Xurídico para coñecer o traballo realizado durante o período de vixencia do Plan en materia de igualdade de oportunidades e solicitar información sobre as accións e actividades desenvolvidas para dar cumprimento ao Plan. Durante o proceso de avaliación a equipa avaliadora mantivo contacto permanente con este servizo.

Respecto da recollida de información, salientar que dende o mes de febreiro de 2021, data na que foi comunicada a adxudicación a Avalia Grupo de Coordinación, dende a Oficina de Igualdade do Concello comezouse a organizar e desenvolver o labor necesario para a consecución da presente Avaliación e da elaboración do 4º Plan Integral de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes do Concello de Tomiño.

A información foi recompilada a través de diversa documentación: memorias anuais da Oficina de Igualdade, do Servizo de Asesoramento Xurídico, informes de diversos departamentos e organismos municipais e da páxina web do concello.


Unha vez recompilados todos os datos, organizáronse en función das diferentes áreas, dos obxectivos establecidos en cada unha das áreas e da calidade dos datos recibidos. Posteriormente, unha vez recopilada a información, elabóranse os protocolos de recollida, tratamento, sistematización e baleirado dos datos.


Na **terceira fase** levaronse a cabo entrevistas con persoal técnico dos departamentos de Servizos Sociais, Cultura, OMIX e Orientación Laboral, e elaboráronse cuestionarios e enquisas a administrar ao persoal técnico e político e axentes sociais e da comunidade que participaron na implantación do Plan de Igualdade. Administráronse enquisas/cuestionarios a persoal de Servizos Sociais, Cultura, Centros educativos, ANPAS, grupos políticos, e colgouse un cuestionario na web do Concello para que puidera ser cumprimentado por persoal de asociacións, entidades deportivas, culturais e outros axentes sociocomunitarios da localidade.


A **cuarta fase** consistiu na redacción do borrador do informe de avaliación segundo a estrutura do Plan co obxectivo de facilitar a comprensión do mesmo e presentación de dito borrador á Concellería de Igualdade.

Na **quinta fase** realízase o informe definitivo de avaliación estruturado en función de cada unha das tres dimensións mencionadas anteriormente. En primeiro lugar, na avaliación do proceso expónse a información conseguida relativa a cada unha das 42 accións, estruturadas en 9 obxectivos específicos distribuídos entre as tres áreas estratéxicas de intervención que se establece no Plan de Igualdade. Para avaliar cada unha das accións elabórase unha táboa onde se recolle a descrición da acción, os departamentos e axentes participantes, a temporalización, o nivel de execución e o proceso de execución.

Para facilitar a lectura deste documento, os diferentes niveis de execución e/ou cumprimento virán sinalados a través de sombreados de diferentes cores:

Execución/Cumprimento total, sombreada en cor verde 

Execución/Cumprimento parcial, sombreada en cor amarela 

Execución/Cumprimento nulo, sombreado en cor vermella 

En segundo lugar, realízase unha avaliación de resultados do Plan de Igualdade a partir da avaliación das accións e do grao de consecución dos obxectivos, tendo en conta o nivel de realización das accións establecidas para cada obxectivo. Efectúase unha valoración do grao de cumprimento dos obxectivos en función da análise dos datos extraídos da información proporcionada relativa ás diversas accións. Salientar que esta análise implica dous aspectos importantes, en primeiro lugar, o nivel de resultados acadado polos obxectivos de cada unha das áreas estratéxicas. Respecto do segundo, indica a súa vinculación co desenvolvemento das accións.

Para finalizar, acométese unha avaliación global do plan valorando cada unha das tres áreas estratéxicas de intervención sobre as que se efectúa un cómputo global, e se establecen unha serie de conclusións e recomendación xerais sobre o proceso de implantación do Plan coa finalidade de que poidan ser aplicadas en futuras políticas de igualdade e a mellorar a acción municipal.

Táboa 1: Estrutura do 3º Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes do Concello de Tomiño 2017-2020.

ÁREAS DE INTERVENCIÓN	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	Nº ACCIÓNS
ÁREA ESTRATÉXICA DE SENSIBILIZACIÓN E PARTICIPACIÓN EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES	1.1. Desenvolver un sistema de difusión do 3º Plan de Igualdade de Oportunidades de mulleres e homes que facilite a comunicación entre a Oficina de Igualdade e os e as axentes sociais e comunitarias implicadas no mesmo.	3
	1.2. Promover a sensibilización e a concienciación social de diversos colectivos profesionais e da cidadanía en xeral sobre o significado da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.	10
	1.3. Promover a progresiva incorporación da perspectiva de xénero nas actividades desenvolvidas por diferentes Departamentos municipais.	7
	1.4. Apoiar o movemento asociativo de mulleres e a súa participación no tecido asociativo local.	2
ÁREA ESTRATÉXICA DE EMPREGO E CONCILIACIÓN	2.1. Reducir os obstáculos que impiden e/ou dificultan a inserción laboral das mulleres de Tomiño.	3
	2.2. Sensibilizar ao empresariado sobre a situación sociolaboral das mulleres da zona.	2
	2.3. Potenciar a creación e ampliación de recursos e servizos que favorezan a conciliación da vida laboral, persoal e familiar de mulleres e homes.	5
ÁREA ESTRATÉXICA DE ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA MACHISTA	3.1. Consolidar e mellorar a atención ás mulleres vítimas da violencia machista do municipio a través da Oficina de Igualdade.	4
	3.2. Fomentar a sensibilización social da cidadanía de Tomiño en xeral, e a colectivos específicos en particular, sobre o rexeitamento das violencias machistas.	6

3. EXECUCIÓN DO 3º PLAN

3.1. AVALIACIÓN DO PROCESO

En primeiro lugar é importante salientar que o Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes do Concello de Tomiño é un plan amplo, que conta con 3 áreas estratéxicas de actuación, 9 obxectivos específicos e 42 accións. A través da avaliación do proceso valórase cada unha das accións, indicando o seu grao de cumprimento. Avaliase cada unha das accións, indicando o seu nivel de execución e os datos sobre como foron realizadas. A continuación analízanse cada unha das accións establecidas atendendo a cada un dos obxectivos que compoñen as diferentes áreas estratéxicas.

A Área Estratéxica de Sensibilización e Participación en Igualdade de Oportunidades establece un obxectivo xeral dirixido a fomentar na cidadanía do municipio un cambio de valores e modelos de socialización que permita eliminar as desigualdades existentes e unha participación social que garanta a igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes. Establécense catro obxectivos específicos dirixidos a promover a sensibilización social a prol da igualdade. O primeiro obxectivo ten como misión desenvolver un sistema de difusión do Plan de Igualdade que facilite a comunicación entre a Oficina de Igualdade e axentes sociocomunitarios implicados; o segundo está dirixido a promover a sensibilización e concienciación social de colectivos profesionais e da cidadanía en xeral sobre o significado da igualdade de oportunidades. A continuación está o obxectivo dirixido a incorporar a perspectiva de xénero nas actividades desenvolvidas polos diferentes departamentos municipais e o cuarto ten como finalidade proporcionar apoio ao movemento asociativo de mulleres e promover a súa participación no tecido asociativo local.

Deseguido, analízanse as diferentes accións establecidas para cada un dos obxectivos que conforma esta área estratéxica.

3.1.1. ÁREA ESTRATÉXICA DE SENSIBILIZACIÓN E PARTICIPACIÓN EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

OBXECTIVO XERAL
Fomentar un cambio de valores e modelos de socialización que permita eliminar as desigualdades existentes e unha participación social que garanta a igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes.

Obxectivo 1.1. Desenvolver un sistema de difusión do 3º Plan de Igualdade de Oportunidades de mulleres e homes que facilite a comunicación entre a Oficina de Igualdade e os e as axentes sociais e comunitarias implicadas no mesmo

ACCÍONS

1.1.1. Difusión, a través de medios telemáticos, do 3º Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Tomiño entre os departamentos municipais e axentes sociais e comunitarias da localidade.	
Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade
Temporalización	2017
Nivel de execución	Parcialmente executada
Proceso de execución	A difusión realízase na páxina Web do Concello, no Departamento de Benestar e Igualdade na sección na Igualdade.

1.1.2. Inclusión na páxina web do Concello dun espazo específico que visibilice a Oficina de Igualdade Municipal onde se difundan os recursos existentes, e as actividades organizadas relacionadas coa igualdade de xénero e a prevención das violencias machistas.	
Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade
Temporalización	2018
Nivel de execución	Parcialmente executada
Proceso de execución	Inclúese un espazo onde se visibiliza a Oficina de Igualdade Municipal e os recursos existentes, non obstante, non existe un espazo web específico para a Oficina de Igualdade e onde se difunden as actividades relacionadas coa igualdade de xénero e a prevención das violencias machistas.

1.1.3. Inclusión no espazo web da Oficina de Igualdade do documento relativo a este 3º Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes que permita ser consultado polo persoal municipal e a poboación en xeral.	
Departamentos e axentes participantes	Departamento Benestar e Igualdade
Temporalización	2018
Nivel de execución	Executada
Proceso de execución	Inclusión na Web do Concello no Departamento de Benestar e Igualdade na sección “Na Igualdade”. Como se comenta anteriormente, non existe un espazo web específico da Oficina de Igualdade.

Obxectivo 1.2. Promover a sensibilización e a concienciación social de diversos colectivos profesionais e da cidadanía en xeral sobre o significado da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

ACCIÓN

1.2.1 Desenvolvemento de actividades formativas sobre xénero e igualdade de oportunidades dirixidas ao profesorado que intervéñen no eido educativo, tanto na educación formal como informal, facendo fincapé no seu labor que como axentes de socialización teñen na transformación das desigualdades de xénero.	
Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade e Centros educativos
Temporalización	2018-2019-2020
Nivel de execución	Executada
Proceso de execución	Esta actividade levase a cabo a través de: Charlas sobre xénero e violencia , dirixidas ao profesorado de infantil e primaria. Nestas charlas, profesionais expertos aconsellan sobre temas coma a educación en valores de igualdade e respecto, ciberviolencia, violencia sexual e as novas tecnoloxías; prevención da violencia sexual dixital, etc. Proporcionando aos docentes ferramentas pedagóxicas para saber actuar ante o problema. Data: 11/04/2019. Lugar: IES A. Alonso Ríos. Talleres con profesorado dos distintos centros sobre igualdade e prevención da violencia de xénero , co obxectivo de facilitar ferramentas para a detección e abordaxe de situacións de control e dominación. Esta actividade non puido ser desenvolvida por problemas por parte da profesional (Ianire Estabáñez). Data: 21/03/2019.

1.2.2. Organización de accións formativas sobre “Xénero e igualdade de oportunidades” dirixidas ao voluntariado que intervén nos programas e actividades municipais co obxectivo de integrar a perspectiva de xénero no traballo que desenvolven.	
Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade e Departamento de Servizos Sociais
Temporalización	2018-2019-2020
Nivel de execución	Non executada

1.2.3. Desenvolvemento dun obradoiro anual de educación afectivo sexual, dirixido ao alumnado e mozas e mozos da localidade, que respecten a diversidade de identidades sexuais coa finalidade de eliminar os sesgos de xénero existentes, fomentar a reflexión sobre as condutas e comportamentos sexistas e de control que se producen.	
Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade, Departamento S. Sociais, Centros educativos e Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX)
Temporalización	2018-2019-2020
Nivel de execución	Executada
Proceso de execución	<p>Esta acción cumprimentouse a través de diversas actividades formativas. A organización da conferencia “Sexo e amor no século XXI” a cargo de Mercedes Oliveira e Amada Traba, expertas en educación emocional e sexualidade na mocidade e autoras do libro “Amarte”. Reflexionaron sobre as relacións amorosas e a aprendizaxe do amor. Data: 25/10/ 2019 ás 20:00 h. Lugar: Centro Goianés.</p> <p>A celebración da “I Festa Agro LGTBI”, iniciativa lúdico-festiva organizada polo Grupo de Voluntariado Local, en colaboración coa OMIX (Oficina Municipal de Información Xuvenil). Xorde da necesidade de visibilizar ás persoas homosexuais, bisexuais e transexuais no rural. Trátase dunha acción que busca ser unha vía de reivindicación de oportunidades; unha iniciativa que procura que Tomiño sexa un espazo de activismo transformador e no que o conxunto da comunidade participe de xeito directo. A celebración contou cunha sesión vermú artesá, conferencias, obradoiros, animación infantil, concertos, teatro, danza, sesión DJ e actividades sorpresa. Data: 30/06/2018, ás 11:30h. Remata as 20.00h coa lectura do manifesto. Lugar: Mercado Municipal.</p> <p>Celebración da “II Festa Agro LGTBI”, iniciativa que xorde non só a raíz da necesidade de visibilizar ao colectivo LGTBI+ no ámbito rural, senón tamén como unha vía de reivindicación do campo como un lugar de oportunidades. Na festa organizáronse espectáculos circenses e de transformismo, concertos, Dj, obradoiros infantís, charlas, e photocall. Iniciase a festa cunha sesión vermú artesá e o <i>espectáculo circense Victoria</i>. A continuación, ás 12,30h a realización do obradoiro infantil “<i>Trans*formando Realidades</i>”, a cargo de Sara Uris, e a conferencia “<i>Entre a visibilidade e o paternalismo: a emerxencia do armario de cristal</i>”, impartida por Ángel Amaro. Organizada pola Oficina de Información Xuvenil (OMIX). Ás 14.30h realízase un Pícnic Comunitario. As 16.00h lévase a cabo o segundo obradoiro infantil. A continuación celébrase o espectáculo de transformismo “<i>Escríbiuse un crime</i>”, con “<i>Marinita y sus maromas</i>”, compañía de teatro DRAG. O concerto de “<i>Las Marikarmen</i>”, cabaret musical queer-pop, con músicos de distintas nacionalidades desenvólvese ás 18:00h. Actuación de Russinha (DJ) ás 19,30h, e como peche da xornada, lectura do manifesto, a cargo de Andrés Benítez Oliveira, produtor audiovisual e recoñecido membro do colectivo LGTBI de Tomiño. Data: 29/06/2019. Lugar: Mercado Municipal.</p> <p>“Sorrisos trans*formadores”, é unha exposición fotográfica que ten por obxectivo a reflexión, por parte da cidadanía, sobre a realidade do colectivo trans e a prevención de actitudes discriminatorias. Pretende sensibilizar sobre a realidade destas persoas co fin de promover a igualdade de oportunidades e o respecto á diversidade. Esta actividade ten como obxectivo prever actitudes e comportamentos discriminatorios por orientación sexual ou identidade de xénero e tamén combater o acoso escolar. Baixo o lema “Respecta-Defende-Sensibiliza- Iguala- Vive- E deixa</p>

vivir”, a mostra procura fomentar a visibilización do colectivo LGTBI dun xeito positivo, así como sensibilizar e naturalizar o colectivo trans e as súas familias co fin de promover a igualdade de oportunidades e o respecto á diversidade. A exposición fotográfica está composta por dez imaxes de Noemí Chantada; retratos de persoas alegres, orgullosas, que mostran unha parcela da súa vida que lles gusta, e van acompañadas, cada unha delas, dun texto que reflicte unha frase ou unha idea sobre cada unha desas persoas e da súa contorna. Exposición do Servizo de Igualdade da Deputación de Pontevedra, en colaboración coa Asociación de Familias de Persoas Trans* ARELAS. Data: 10/04/2019. Lugar: Mercado Municipal de Tomiño.

A actividade que a continuación comentamos desenvólvese dirixida cara aos corpos e forzas de seguridade, non ao alumnado como está contemplado, co obxectivo de proporcionar a información e formación necesaria e proporcionarlle ferramentas para poder intervir coas vítimas de agresións por LGTBIfobia.

I Xornadas de formación en LGTBIfobia nos corpos e forzas de seguridade que ten como obxectivos fundamentais: O achegamento entre as persoas vítimas dunha agresión por LGTBIfobia e os corpos de seguridade, así coma a formación para recoller os datos necesarios para que a Fiscalía poida actuar; e romper cos estereotipos e medos das persoas que sofren este tipo de agresións, por exemplo, á hora de ir a unha comisaría.

Os relatorios das xornadas versaron sobre: Delitos de odio e discriminación; policía e diversidade; método de traballo e boas prácticas policiais, e suposto práctico. Data: 22, 23 e 24 de setembro de 2020. Lugar: concellos de Tomiño, O Rosal e A Guarda. O día martes 22, ás 10.30h realízase a inauguración no Auditorio de Goián, seguida da primeira sesión formativa. O día 23, ás 11:00h da mañá impártese a 2ª sesión, no Centro Polivalente de O Rosal, e o día 24, ás 10.30h levase a cabo a última xornada formativa, seguida (ás 18.30h) dunha xornada de portas abertas, e da entrega de diplomas e peche. Foron organizadas pola Asociación Trans Miño-LGTBIQ+, coa colaboración dos concellos de Tomiño, O Rosal e A Guarda.

1.2.4. Realización de actividades lúdicas que fomenten a igualdade de oportunidades entre mozas e mozos e que contribúan a contrarrestar as mensaxes sexistas lanzadas desde os medios de comunicación coa finalidade de construír relacións máis igualitarias entre a poboación adolescente.

Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade, Departamento S. Sociais, Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX).
---------------------------------------	---

Temporalización	2018 e 2020
-----------------	-------------

Nivel de execución	Executada
--------------------	------------------

Proceso de execución	Exposición “Cartas de Amor” realizada co obxectivo de fomentar a reflexión entre os mozos e mozas sobre o mito do amor romántico e os estereotipos de xénero, a desigualdade nas relacións de parella e a crueldade que moitas veces vai asociada a ela, ao tempo que se promove o respecto e a educación en igualdade e se traballa a prevención da violencia de xénero. Data: 13/08/2018. Lugar: IES Antón Alonso Ríos. Organizada pola Oficina de Igualdade a través da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia.
----------------------	--

Desenvolvemento dos obradoiros **“Sementes de Igualdade”**. Trátase dunha inmersión participativa e dinámica nos conceptos e prácticas necesarias, de xeito que as persoas participantes sexan as propias nenas e nenos, construíndo historias, compartindo experiencias, manipulando coas mans, xogando, etc. O obxectivo fundamental destes obradoiros é iniciar no desenvolvemento de actitudes de equidade e igualdade ás nenas e nenos máis pequenos e a promoción da libre elección de condutas, xogos e produtos, independentemente do xénero. Desenvolveuse en dúas sesións de traballo. Na primeira sesión, traballouse con contacos e posterior debate con actividades lúdicas. Na segunda sesión levouse a cabo cunha dinámica de robótica pedagóxica, na que as nenas e os nenos puideron manipular e desprazar o robot, a través de paneis ilustrados con imaxes da temática adaptadas a súa idade. Data: 07/03 ao 10/04. Duración: 50 minutos cada sesión. Dirixido ao alumnado de 4º, 5º e 6º de Infantil de CEIP Barrantes, CEIP Sobrada, CEIP Plurilingüe de Tebra, CEIP Pintor Antonio Fernández e nas aulas do CRA Mestre

	<p>Manuel Garcés. Actividade realizada polo Concello de Tomiño en colaboración coa Deputación de Pontevedra.</p> <p>Concerto de “The Tetras’Van”, son artistas e malabaristas, que combinan a vida persoal e profesional de cada unha das músicas, “procurando a diversión e a felicidade a través das notas”. Son un grupo de mozas que se auto-define coma “unha revolución en feminino, que pretende revolucionar as salas de concertos coa súa música”. Son especialistas en versións, o seu obxectivo é o de “divertir transmitindo, reivindicando e loitando contra as inxustizas que nos tocan a todas, a través da nosa lingua galega. Data: 09/08/2019. Lugar: Praza do Seixo.</p> <p>Representación de “Commedia dell Arte” da compañía Contraproducións. Arlecchino atopa unha carta de amor no mandil da súa muller e, erroneamente, pensa que ela o engana. Desesperado, quere matarse. Pero unha misteriosa voz que xorde de ningunha parte, deteno e dálle un anel máxico que ten a extraordinaria propiedade de facer perder a memoria a quen llo pon. Arlecchino esquece todo. Pero, como dano colateral, tamén esquece a noción das convencións sociais. Data: 19/10/2019 ás 22:00h. Lugar: Auditorio de Goián.</p> <p>A realización do espectáculo “Somos iguais na maxia”, nace coa idea da maxia para loitar pola igualdade e contra a violencia de xénero. Con este espectáculo, transmitirán a través dos seus trucos e dun xeito ameno e metafórico a importancia da igualdade, da educación para rachar cos estereotipos sexistas ou de ter valores. Data: 09/09/2020 ás 19:00horas. Lugar: Praza do Seixo. Actividade de animación para todos os públicos.</p> <p>Proxección da película “Tódalas mulleres que coñezo”, de Xiana do Teixeiro, un filme seleccionado e premiado en distintos festivais. O filme, de carácter documental, propónse como unha reflexión sobre o xénero, o espazo público e a liberdade. Trátase dunha actividade dirixida á poboación moza, da franxa de idade comprendida entre os 16 a 30 anos, consistente en visionado online do documental, e posterior faladoiro, tamén online, coa intervención da directora. Data: 21/07/2020. Posteriormente, o día 23/07/2020 proxectase de novo a película en aberto e realízase un posterior coloquio coa autora, Xiana do Teixeiro, no que se puideron compartir impresións, preguntar curiosidades e crear un espazo para a reflexión colectiva. A actividade tivo un límite de participación de 25 persoas debido ás normas COVID-19. Actividade organizada polo Servizo Municipal de Igualdade.</p>
--	--

1.2.5. Proxección de películas libres de estereotipos de xénero nas programacións de cine infantil que se desenvolvan desde o concello, coa finalidade de eliminar das películas dirixidas á poboación infantil, mensaxes sexistas cargadas de estereotipos de xénero que constrúen e condicionan a personalidade adulta.	
Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade, Concellería S. Sociais, OMIX
Temporalización	2018-2019-2020
Nivel de execución	Executada
Proceso de execución	<p>Durante o período de vixencia do plan desenvólvese unha programación de películas e tamén obras de teatro libres de estereotipos de xénero dirixida á poboación infantil. A continuación describíense as obras proxectadas das que se obtén información.</p> <p>“A nena que quería navegar”, de Redrum Teatro. Trátase dunha nena que está farta de ser o centro das mofas de compañeiros e compañeiras, e por iso fuxe da escola coa intención de non volver nunca máis. Nas súas aventuras atópase co Xeadeiro, un ser máxico e vital que lle devolverá a autoestima perdida. Data: 01/04/2018.</p> <p>Representación da obra de teatro “Sen remite”, de Jean Philippe Kikolas, espectáculo de teatro, circo, e humor xestual dirixido a toda a familia. Data: 29/04/2018. Lugar: Auditorio de Goián.</p>

	<p>“Rosa Caramelo e outras historias”, de Talía teatro. Obra dirixida por Paula Carballeira, que a través da palabra e da música en directo crea unha atmosfera axeitada para axudar a nenas e nenos a desmontar unha serie de ideas impostas e fortemente asumidas sobre as actitudes e aptitudes de mulleres e homes Data: 08/03/2018. Lugar: Casa da Cultura. Obra recomendada para nenas e nenos de 4 a 8 anos.</p> <p>“A maleta da avoa”, de Raquel Queizás. A maleta da avoa está chea de pequenos tesouros, nela vive a memoria da protagonista que garda todos os contos que a súa avoa lle contaba cando era unha nena á hora de comer, cando ían lavar a roupa, no río ou traballando no campo. Espectáculo de contacontos con obxectos e monicreques para nenas e nenos a partir de 3 anos. Data: 25/03/2018. Lugar: Mercado Municipal de Tomiño.</p> <p>“A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza” de A Xanela do Maxín. Obra simpática que provoca que o público empatice coa toupiña que quería saber, ferida no seu orgullo. Data: 15/11/2020 ás 17,30 horas. Lugar: Auditorio de Goián.</p> <p>“A caixiña dos mistos (o cinema máis pequeno do mundo)” é unha caravana itinerante na que se proxectan diversas curtametraxes e contido audiovisual. Ofrece a cativas e cativos da localidade unha experiencia innovadora e próxima coa que achegarse a un tema de tanta relevancia como é a igualdade entre mulleres e homes. Dirixido a nenas e nenos de 3 a 12 anos. Data: 04/09/2018.</p> <p>“Contos do recreo”, de Redrum Teatro, é un espectáculo optimista e emocionante no que se traballa co concepto de reforzo positivo para previr o acoso escolar. A música en directo é a protagonista desta produción que combina monicreques, impresionantes efectos de iluminación e unha colosal escenografía con video-mapping. Data: 03/11/2019. Lugar: Mercado Municipal de Tomiño.</p> <p>“Nómades”, de Xarope Tulú, é un espectáculo de carácter visual dirixido a tódolos públicos, onde o movemento, a escenografía e a luz se relacionan entre si constantemente. Data: 17/1/2019. Lugar: Mercado Municipal de Tomiño.</p> <p>“Contacontos pola Igualdade”, dirixido ao alumnado de Educación Infantil e 1º, 2º e 3º de Primaria de todos os centros educativos da localidade.</p>
--	---

1.2.6. Continuidade na conmemoración do 8 de Marzo “Día Internacional das Mulleres” a través de actividades de sensibilización e promoción da Igualdade de Oportunidades.	
Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade, Concellería Servizos Sociais., Centros educativos e Poboación xeral.
Temporalización	2018-2019-2020
Nivel de execución	Executada
Proceso de execución	<p>Durante o mes de marzo do ano 2018 levouse a cabo unha programación transversal na que as actividades culturais, deportivas ou artísticas tiveron unha clara clave feminina e a visibilización do labor diario das mulleres e da loita pola igualdade como fio condutor. Este ano por primeira vez marzo é o “Mes da Muller”.</p> <p>A programación iniciase coa exposición “Lugares inesperados” da artista Liliya Pobornikova, a través da cal amosa unha mostra de cerámica que explora as formas que xorden da imprevisibilidade orgánica. Data: 09/03/2018. Lugar: Mercado de Tomiño.</p> <p>Concentración con motivo do 8 Marzo: Día Internacional da Muller e Declaración institucional e chamamento da alcaldesa á sumarse á folga feminista para reivindicar a igualdade para todas as persoas, a “igualdade para a metade da poboación que vive neste planeta e que en todas partes do mundo padece discriminación. Data: 08/03/2018. Lugar: Praza do Seixo.</p> <p>“Cartas de Amor” realizada no IES Antón Alonso Ríos para fomentar a reflexión</p>

entre os mozos e mozas sobre o mito do amor romántico e os estereotipos de xénero, a desigualdade nas relacións de parella e a crueldade que moitas veces vai asociada a ela, ao tempo que se promove o respecto e a educación en igualdade e se traballa a prevención da violencia de xénero. Data: 13/08/2018. Lugar: IES Antón Alonso Ríos.

“**Exposición de pinturas**” realizadas por artistas do cómic galegos, como Miguel Calatayud, Patricia Castelao, Fausto Isorna, Pirusca, José Luís Méndez, Jack Mircale ou Javier Olivares que ten como obxectivo fomentar entre a poboación máis nova modelos de convivencia igualitarios. A exposición complétase cunha “**Unidade didáctica**” para que o alumnado do Instituto Tomiñés traballe sobre estes aspectos e cun “*obradoiro participativo*”.

Realización do contacontos: “**Contos vellos, novos finais**” dirixido ao alumnado de infantil e 1º, 2º e 3º de primaria do alumnado dos centros educativos da localidade.

Organización de dous cursos de **Pilates para avoas, nais e fillas**. A clases consistiron en sesións dinámicas con enfoque grupal e interacción constante entre as persoas na que o protagonista é o pilates, sistema de adestramento físico e mental que une o dinamismo e a forza muscular co control da mente, a respiración e a relaxación. Data: a partir do 7 de marzo de 2018 impartíronse os dous cursos de 10 horas de duración. Data: mércores, de 17.30 a 18.30 horas. Lugar: Pavillón de Goián. O segundo curso. Data: venres, de 19.30 a 20.30 horas. Lugar: Casa da Cultura de Tomiño. Curso dirixido a mulleres maiores de 5 anos.

Realización do obradoiro “**Mulleres artistas por descubrir**” impartido pola artista plástica Gemma Marqués, co obxectivo de dar coñecer a grandes mulleres artistas, que a pesar de ser grandes creadoras en distintas artes plásticas son tamén grandes descoñecidas que permanecen no anonimato. Data: 14 de marzo ao 8 de abril de 2018.

Mural feminista “**Anónimas**”, elaborado co obxectivo de dar visibilidade ao labor levado a cabo polas mulleres. Creado pola artista Gemma Marqués, coa finalidade de poñer en valor o labor e esforzo diario familiar, laboral... das mulleres. Lugar: Campo de fútbol de Goián. Actividade realizada polo Concello de Tomiño en colaboración coa Deputación de Pontevedra.

Programación de obras de teatro dirixidas ao público infantil onde as mulleres son as claras protagonistas. “**Rosa Caramelo e outras historias**” obra dirixida ao público infantil. Data: 18/03/2018, de Talía Teatro e a obra “**A maleta da avoa**”, de Raquel Queizás. É unha maleta que representa a memoria e na que a protagonista garda todos os contos que a súa avoa lle contaba cando era unha nena. Dirixida a cativos e cativas a partir de 3 anos. Data: 25/03/2018 ás 18:00 horas. Lugar: Mercado de Tomiño. “**A nena que quería navegar**”, de Redrum Teatro, dirixida a público infantil. Data: 9/04/2018.

A obra “**Té con Kant**”. de Teatro Inversa, é un proxecto experimental que conxuga a combinación entre o ensaio filosófico e a creación escénica para obter unha peza de teatro íntimo, onde as súas actrices tentan exercer como axitadoras filosóficas coa pretensión de remover e promover a reflexión (e acción) do público asistente arredor da problemática moral dos nosos días,. Data: 10/03/2018.

“**Matrioskas**”, de Cooperativa Galega de Artistas Charlatana, é un espectáculo teatral que recrea a viaxe de catro mulleres de trinta e tantos anos que, cansas de vivir agochadas baixo carcasas prefabricadas e adoptando condutas alleas deciden desfacerse de medos e ataduras para recuperar o seu potencial máis vital e salvaxe. A obra mestura distintos xéneros escénicos, dende o musical de pequeno formato ata alusións ás cancións infantís con contidos machistas ou unha performance de carácter físico e simbolista. Espectáculo dirixido por Brais Hortas no que a contadora Marta Ortiz e a cantante Sofía Espiñeira soben ao escenario para poñerlle voz as historias de vida de diferentes mulleres. Data: 24/03/2018. Dirixida ao público adulto. Actividade realizada polo Concello de Tomiño en colaboración coa Deputación de Pontevedra.

'**Na butaca**', de ButacaZero, é unha peza poética que, de xeito optimista, aborda a temática das persoas que sofren demencia senil ou alzhéimer. A obra, partindo da idea do vivir no presente dunha personaxe sentada na butaca e esquecida-perdida do seu pasado e do seu futuro, tamén- achéganos a unha realidade que por veces nos amosa paz e outras angustia; felicidade ou rabia. dirixida ao público adulto. Data: 07/04/2018.

'**Sen remite**', é un espectáculo de Jean Philippe Kikolas. Con referencias ao circo, teatro e o humor xestual. Neste espectáculo, un actor sin palabras introdúcenos no seu particular mundo e nos acerca a un oficio que cada vez parece mái lonxe no tempo. Data: 29/04/2018.

Na programación do **ano 2019** levase un ano máis unha programación transversal de actividades culturais, deportivas ou artísticas que tiñan como obxectivo principal a igualdade de xénero entre mulleres e homes.

Desenvolvéronse os **obradoiros "Sementes de Igualdade"**. Trátase dunha inmersión participativa e dinámica nos conceptos e prácticas necesarias, de xeito que as nenas e nenos sexan as propias participantes, construíndo historias, compartindo experiencias, manipulando coas mans, xogando, etc. O obxectivo fundamental destes obradoiros é iniciar no desenvolvemento de actitudes de equidade e igualdade ás nenas e nenos de menor idade e a promoción da libre elección de condutas, xogos e produtos, independentemente do xénero. Na primeira sesión, traballouse con conta-contos e posterior debate con actividades lúdicas. Na segunda sesión levouse a cabo cunha dinámica de robótica pedagóxica, na que as nenas e os nenos puideron manipular e desprazar o robot, a través de paneis ilustrados con imaxes da temática adaptadas a súa idade. Data: do 07/03 ao 10/04. Duración: 50 minutos cada sesión. Dirixido ao alumnado de 4º, 5º e 6º de Infantil de CEIP Barrantes, CEIP Sobrada, CEIP Plurilingüe de Tebra, CEIP Pintor Antonio Fernández e nas aulas do CRA Mestre Manuel Garcés. Actividade realizada polo Concello de Tomiño en colaboración coa Deputación de Pontevedra.

Programación dunha **charla para alumnado do IES** por parte da psicóloga vasca lanire Esébanez, talleres con profesorado dos distintos centros sobre igualdade e prevención da violencia de xénero, co obxectivo de facilitar ferramentas para a detección e abordaxe de situacións de control e dominación. Data: 21 de marzo 2019. Actividade non desenvolta debido a problemas por parte da profesional.

Realización dun novo mural dentro do proxecto "**Anónimas. Retrato de musas cotiás**", da artista Gemma Marqués e a **Exposición** baseada nese proxecto no Mercado Municipal. Presentación do **libro-catálogo "Anónimas"** con acuarelas orixinais de Gemma Marqués inspiradas en mulleres da serie "Anónimas, retratos de musas cotiás". Data: a partir do 11 de marzo. Lugar: Mercado Municipal de Tomiño.

O equipo da Biblioteca do CRA (Colexio Rural Agrupado) Mestre Manuel Garcés de Tomiño, conmemora o Día da Muller, cunha instalación artística. Trátase dunha montaxe baseada na obra "**Over the continents**" da artista xaponesa Chiaru Shiotta, co obxectivo de facer unha homenaxe a todas as mulleres do alumnado. Para elo, cada neno ou nena achega un zapato dunha muller da súa familia e unha fotografía da dona do calzado, desempeñando a súa profesión ou oficio. A finalidade desta actividade é "poñer en valor o papel da muller, tomando coma referencia as mulleres máis importantes da vida das e dos estudantes, e tecer así, unha rede de mulleres valorosas da contorna". Data: 7 ao 21 de marzo de 2020. Lugar: Mercado Municipal Tomiño (1º andar).

Actuación do grupo feminino "**Son Trío**" presentando o proxecto "**Miña Almiña**", con letras de Rosalía de Castro.

Representación da obra de teatro "**Trinta e tantos ósos**", da compañía Aporía Escénica. Espectáculo teatral que recrea a viaxe de catro mulleres de trinta e tantos anos que, cansas de vivir agochadas baixo carcacas prefabricadas e adoptando condutas alleas deciden desfacerse de medos e ataduras para recuperar o seu

potencial máis vital e salvaxe. A obra mestura distintos xéneros escénicos, dende o musical de pequeno formato ata alusións ás cancións infantís con contidos machistas ou unha performance de carácter máis físico e simbolista.. Data: 10 de marzo de 2019. Lugar: Auditorio de Goián ás 18.00h.

A conmemoración do Día Internacional da Muller do **ano 2020** comeza coa **Inauguración dun mural no exterior do Campo de fútbol do Alivio**, obra da artista guardesa Gemma Marqués sobre unha imaxe de Sara Rodríguez Salvador “Sara a Pisca”, tomada pola fotógrafa Pily Reñones. *Sara Rodríguez Salvador*, gran afeccionada ao fútbol. O Concello fixo un pequeno homenaxe en agradecemento a esta muller que, desafiando as normas que relegan á muller ao espazo privado e as apartan de aqueles eidos tradicionalmente masculinos, acudía ao campo de fútbol do seu equipo, o Tomiño FC, como a afeccionada incondicional. Data: 06/03/2020.

Concentración con música, poemas e **lectura de manifesto**. Data: 08/03/2020, ás 12:00h. Lugar: Praza do Seixo.

Realización dunha **homenaxe de agradecemento a Sara Rodríguez Salvador**, muller que, desafiando as normas que relegan á muller ao espazo privado e as apartan de aqueles eidos tradicionalmente masculinos, acudía a o campo de fútbol do seu equipo, o Tomiño FC, como a afeccionada incondicional. Data: 08/03/2020 ás 19.00h. Lugar: Salón de Plenos do Concello.

Representación da obra de teatro “**1879. Casa de Bonecas**”, pola compañía Estudio Momento que realiza unha adaptación do do clásico do autor Henrik Ibsen. Data: 07/03. Lugar: Auditorio de Goián.

Exposición fotográfica “15 VISIONS-EXPRESS-ARTE”, mostra creada no marco do programa de inserción laboral para vítimas de violencia de xénero e impulsada pola Asociación de Xóvenes Emprendedores Lucenses (AXEL). Recolle o traballo artístico realizado por 15 mulleres vítimas de violencia de xénero, que versionan obras de arte recoñecidas na historia, como “A Gioconda”, de Leonardo da Vinci, ou “La maja vestida”, de Goya .Ditas fotografías ofrecen unha perspectiva diferente baixo o prisma de xénero das realidades que son representadas nesas imaxe. Data: 07/02/17/02. Lugar: Mercado Municipal (1º andar).

Homenaxe ás “**Madriñas**” realizado co obxectivo de reivindicar os valores que representan as mulleres exemplares para inspirar ás futuras xeracións no horizonte dunha sociedade máis libre, consciente, igualitaria e culta. É o propósito que desde o CEIP Pintor Antonio Fernández de Goián tiveron desde que puxeron en marcha un proxecto de ‘amadriñamento’ das estancias do centro, bautizadas con nomes de mulleres destacadas pola súa traxectoria vital e profesional, moitas delas vencelladas á vila de Goián e á comarca do Baixo Miño. Esta iniciativa comezou a realizarse no curso 2018-2019 e culmina coa **edición e reparto dun catálogo** entre o alumnado do centro —tamén entre o alumnado de primeiro e segundo da ESO que participou no proxecto— co que se pretende divulgar a modo de homenaxe a vida e obra destas mulleres, que son xa un símbolo para inspirar ás máis novas e novos. Entre as galardoadas pódense atopar importantes personalidades da contorna: A pedagoga *Antía Cal*, educadora, defensora da cultura galega e fundadora do Centro Rosalía de Castro. A redeira e argaceira guardesa *Mercedes Lomba* dedicada á vida mariñeira durante máis de 60 anos. A escritora e activista agrarista *Isaura Gomes*, loitadora incansable pola xustiza e a igualdade. As mestras de Goián *Eva Ozores* e *Idalia Sobreira*, polo valor do seu incalculable traballo educativo en moitas xeracións de Goián, personificando o traballo de moitas outras docentes. A médica e cirurxiá *África González*, pola súa destacada traxectoria laboral. Galardoada co Premio Executivas 2020. A profesora e escritora *Clementina ‘Tinita’ Ozores*, destacada veciña da vila de Goián e viaxeira empedernida. A música e cantante *Uxía “Lambona”*, polo seu labor de transmisión aos máis novos e novas da lingua e a tradición galegas a través da música. A estudante e deportista *Desirée Vila*, exemplo de superación e inspiración tanto na súa traxectoria deportiva como vital. A escritora e profesora *Iria Misa*, galardoada co premio Jules Verne pola súa obra “Xa non estou aquí”.

A idea partiu inicialmente do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do centro co gallo da conmemoración do 8 de Marzo, coa intención de destacar e poñer en valor a traxectoria vital as mulleres galegas, e máis concretamente aquelas vinculadas coa contorna da vila. Axiña se sumou toda a comunidade do centro, o que

fixo que o proxecto non quedase limitado ás aulas, senón que serviu para estudar e recuperar a vida e obra das madiñas. “Os distintos grupos do alumnado implicáronse activamente e cada un foi elixindo quen ía ser a súa madiña. Investigaron sobre as súas vidas e entrevistaron ás que puideron”.

Para conmemorar o 8 de Marzo do **ano 2021**, o Concello levou a cabo unha serie de iniciativas coas que visibilizar e reivindicar a importancia de loitar pola consecución da igualdade real entre mulleres e homes.

A programación deste ano inicia coa interpretación da **obra teatral “Feminissimas”**, unha comedia negra e violeta coa amizade e a perspectiva de xénero como eixo central. Unha comedia negra na que tres amigas da adolescencia, tres xeitos distintos de entender o feminismo e unha reunión dunha noite nun moderno airbnb na que o conflito vai deixando paso á nudez, á humanidade e á empatía. Participan: 60 persoas. Data: 06/03/2021. Lugar: Auditorio de Goián.

O Pleno do Concello de Tomiño, aprobou por unanimidade unha **“Declaración institucional do 8M”**, consensuada entre os tres grupos políticos que conforman a Corporación Municipal. Os acordos acadados en dita declaración son: o recoñecemento do traballo remunerado e non remunerado das mulleres na crise da Covid-19; impulsar e reforzar o marco normativo municipal para que se introduza de xeito transversal a perspectiva de xénero en todas as accións levadas a cabo dende o Concello; continuar coa loita contra a violencia de xénero en todas as súas manifestacións, e ampliar o Plan de Sensibilización Municipal de concienciación do conxunto da sociedade en favor dunha organización social corresponsable e de horarios máis racionais. Acordouse tamén demandar das administracións competentes, o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e o impulso da creación dun corpo específico que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias co fin de testar a existencia ou non de discriminacións por razón de xénero. E instar á Xunta de Galicia a fomentar, en colaboración coas entidades locais, medidas e programas de conciliación nos que se incorpore a perspectiva de xénero, e impulsar a aprobación de novas medidas que alenten a corresponsabilidade, a través de plans específicos, así como o desenvolvemento de programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero.

Presentación dun novo mural no Campo de Fútbol do Alivio realizado pola pintora e artista guardesa Gemma Marqués en base a un retrato feito pola recoñecida fotógrafa Tomiñesa Pilar Reñones. A artista xa participou en varios dos murais feministas realizados polo Concello de Tomiño durante os últimos anos. A protagonista deste mural é Marga González, histórica e veterana xogadora do Tomiño FC Feminino desde a súa fundación, permanecendo en activo ata os 50 anos e sendo parte da súa directiva na actualidade. Vinculada ao deporte durante toda a súa vida e particularmente ao fútbol. Estivo unha etapa tamén no Celta Feminino antes de marchar a traballar para Madrid, onde permaneceu 14 anos antes de volver definitivamente a Tomiño para ligarse á Fundación do Tomiño FC Feminino.

Moitas mulleres de Tomiño quixeron amosar a través dun **reivindicativo vídeo** difundido nas redes sociais as mil razóns polas que celebrar os avances acadados ata agora en materia de igualdade, pero tamén reafirmándose na loita e reivindicación da igualdade real, que aínda está lonxe de ser acadada.

O CRA Mestre Manuel Garcés, conmemorou o 8 de Marzo cunha iniciativa a través da cal o alumnado creou un xardín de zapatos das súas nais, tías, avoas e demais mulleres que os cativos e cativas consideran referentes na súa vida. O proxecto, titulado **“Sementes de Esperanza”**, está inspirado na figura de Wangari Maathai, a primeira africana gañadora do Premio Nobel pola súa contribución ao desenvolvemento sostible, a democracia e a paz, e destacada loitadora e activista polos dereitos da muller e da mellora medioambiental, motivo polo cal recibiu o apelativo de “Muller árbore”. Pendurase unha pancarta na praza do Seixo co lema: “As nenas e nenos do CRA, ao igual que Wangari, queremos plantar sementes de esperanza por unha igualdade real nos zapatos das mulleres máis importantes nas nosas vidas”.

1.2.7. Realización de actividades de sensibilización dirixidas ás mulleres da localidade onde se traballen aspectos relacionados coa comunicación, a asertividade e empatía coa finalidade de reflexionar e tomar conciencia sobre as relacións estereotipadas de parella e as desigualdades que orixinan.	
Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade, Concellería S.Sociais
Temporalización	2018-2020
Nivel de execución	Executada
Proceso de execución	Realización da Exposición fotográfica “Namórate de ti” , enmarcada no proxecto do mesmo nome, promovido pola Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eu Rural e o Concello de Tomiño. A exposición conta coas fotografías resultantes do traballo desenvolvido nunha fase anterior, nas que mulleres de diversas idades ao longo de varias sesións traballaron intensamente cuestións relacionadas coa autoestima, o autoconcepto, a vida consciente, a cooperación, a desinhibición e o empoderamento, entre outros. O obxectivo do proxecto é mellorar a calidade de vida das mulleres participantes, potenciando as súas cualidades e capacidades. Data: 02/10/2019 ás 19:00 h. Lugar: Centro Goianés. Este proxecto foi desenvolvido co financiamento do Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad, e a Xunta de Galicia.

1.2.8. Inclusión de actividades de animación á lectura desde a perspectiva de xénero e feminista de cara á construción da futura Biblioteca Pública.	
Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade, Concellería Cultura e Centros educativos
Temporalización	2019-2020
Nivel de execución	Executada DIFERENTE COR
Proceso de execución	<p>Publicación do libro “Os bolechas son feministas” e reparto do mesmo en todos os centros educativos de Infantil e Primaria e Servizos Sociais municipais para menores dos distintos programas de atención. Edición de libro cunha aventura de Os Bolechas, personaxes moi populares entre as crianzas específico en materia de igualdade de xénero, e no cal as nenas e nenos son protagonistas. O libro está pensado e adaptado aos seus códigos de comunicación e comprensión: á súa linguaxe. Obra didáctica, interactiva e pedagóxica, a través da que nenas e nenos reciben noções sobre o respecto, a empatía, a visibilización da muller, a súa posta en valor e condición de igual respecto do home, como medio de prevención da violencia de xénero. O libro sitúa a historia en lugares do termo municipal, como xeito de contribuír á identificación de nenos e nenas destinatarios e destinatarias. O libro foi repartido no mes de xullo por todos os centros educativos pola Técnica de Igualdade e a Técnica do Programa de Educación Familiar, que colaborou co Departamento de Igualdade. A entrega de libros foi acompañada dunha charla en cada centro educativo. Data: 29/11/2019.</p> <p>Para conmemorar o Día do Libro do ano 2020, o Concello organiza a través de INTERNET: A actividade “#ContoParaDíaDoLibro#PoesíaNoDíaDoLibro”, con Tamara Campos, da compañía Migallas Teatro e profesora da Escola de Teatro Municipal. Tamara <i>conta un conto moi especial</i>. E Beatriz Campos, actriz, da mesma compañía e docente do grupo de adultos, realiza <i>un recital de poesía</i>. Intervén tamén a escritora e docente do IES Antón Alonso Ríos, Puri Ameixide, que comenta os seus libros e da importancia da lectura. Data: 23/04/2020.</p> <p>Conmemoración do Día de Rosalía de Castro. Data: 24/02/2021. A Concellería de Cultura súmase á da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) cunha campaña a través das redes sociais na que se difunde un vídeo no que diferentes persoas de Tomiño len o manifesto da AELG para celebrar o aniversario do nacemento da autora galega. Anímase a toda a veciñanza a agasallar nesta data un libro en galego e unha flor mercados nas librarías e florerías locais. En colaboración coa Fundación Rosalía, realízase unha campaña de reparto de manteis individuais de Rosalía entre o alumnado usuario dos comedores escolares.</p>

1.2.9. Organización dun obradoiro de Autoestima e crecemento persoal dirixido a fomentar o empoderamento das mulleres da localidade.	
Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade, Concellería S. Sociais
Temporalización	2018-2029-2020
Nivel de execución	Executada
Proceso de execución	<p>Curso “Empoderando ás futuras líderes do século XXI” ten como obxectivo reflexionar sobre os estereotipos de xénero e os xuízos de valor que facemos homes e mulleres, baseándonos unicamente nas características físicas ou biolóxicas das persoas. Debido ao modelo patriarcal que predomina na nosa sociedade, as rapazas e máis as mulleres, resultan sempre as máis prexudicadas polos estereotipos, por este motivo, a través desta actividade formativa incídese no empoderamento feminino. Data: 3 ao 26/09/ 2017 de 9,30 a 13,30 h. Lugar: Aula CEMIT Tomiño.</p> <p>Realización do Obradoiro de Autodefensa Feminista. Neste obradoiro as participantes aprenderán técnicas básicas de autodefensa, partindo de que a autodefensa feminista é un elemento indispensable de protección e loita contra as violencias machistas. Dirixido a mulleres maiores de 15 anos. Data: 25/11/2018, de 10:00 a 13:00h e de 16:00 a 19:00 horas. Lugar: Casa da Salgosa de Tomiño. Participan: 35 mulleres.</p> <p>Debido á gran demanda existente, o Concello de Tomiño organiza unha segunda edición do Obradoiro de Autodefensa Feminista para o día 02/12/2018, de 10:00 a 13:00h e de 16:00 a 19:00horas. Dirixido ás mulleres que quedaron en lista de agarda do anterior obradoiro.</p> <p>Realización do Obradoiro de Autodefensa feminista, de traballo integral onde as participantes aprenderon técnicas básicas de defensa, considerando que a autodefensa feminista é un elemento indispensable de protección e loita contra as violencias machistas. As violencias son estruturais e impactan en todas as áreas, física, emocional, relacional, social... por iso neste obradoiro o traballo que se realiza é integral. Data: 18/05/2019, de 10:00 a 13:00h, e de 16:00 a 19:00h. Lugar: Casa da Cultura de Tomiño.</p> <p>Debido ao éxito deste obradoiro e a demanda existente do mesmo, organízase unha segunda edición do Obradoiro de Autodefensa Feminista. A través deste obradoiro as participantes aprenderán técnicas básicas de autodefensa, partindo de que a autodefensa feminista é un elemento indispensable de protección e loita contra as violencias machistas. Data: 08/06/2019, de 10:00 a 13:00h, e de 16:00 a 19:00h. Organizado pola Oficina Municipal de Igualdade e a Oficina de Información Xuvenil (OMIX).</p>

1.2.10. Introducción, desde os Servizos Sociais municipais, de incentivos dirixidos ás nais e pais que perciben axudas sociais para que participen na Escola de Nais e Pais.	
Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade, Concellería S. Sociais
Temporalización	2019
Nivel de execución	Non executada

Obxectivo 1.3. Promover a progresiva incorporación da perspectiva de xénero nas actividades desenvolvidas por diferentes Departamentos municipais.

ACCIÓNS

1.3.1. Promoción progresiva da inclusión da variable sexo nas bases de datos, estatísticas e memorias realizadas polo Concello, a fin de garantir unha análise da poboación municipal desagregada por sexo.

Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade, Concello de Tomiño
Temporalización	2019
Nivel de execución	Non executada

1.3.2. Aplicación da perspectiva de xénero no proxecto “É Aprender”, proporcionando formación en xénero e igualdade de oportunidades ao persoal que participa na formación e coordinación do mesmo.

Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade, Concellería S. Sociais.
Temporalización	2018-2019-2020
Nivel de execución	Non executada
Proceso de execución	<p>Non temos constancia da realización de formación en xénero e igualdade ao persoal que participa na formación e coordinación do programa “É Aprender”.</p> <p>Non obstante, salienta que se realiza unha Exposición de traballos realizados polo alumnado do programa de reforzo escolar “É Aprender”, onde sesenta nenos e nenas de entre 5º de Primaria e 2º da ESO que acoden regularmente ás aulas de reforzo escolar do programa, realizaron unha serie de traballos co gallo do Día Internacional da Muller, a través dos cales salientaron temas coma o da igualdade de xénero e a mellora da sociedade na que vivimos. Os traballos expostos corresponde a cada un dos oito grupos que están funcionando na edición do programa no ano 2018, nas parroquias de Goián (2 grupos); Currás, Piñeiro, Estás, Barrantes, e Tomiño Centro (2). A mostra estivo aberta ao público durante a semana do 8 de marzo. Lugar: Entrada da Casa do Concello.</p> <p>Mencionar que, a partir do ano 2018 este programa deixa de existir. Ponse en funcionamento o programa “Enrédate”.</p>

1.3.3. Introducción de contidos de xénero e igualdade de Oportunidades na Semana de Educación que se desenvolve anualmente na localidade.

Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade, Concellería de Educación.
Temporalización	2018-2019-2020
Nivel de execución	Executada
Proceso de execución	<p>Salienta que durante o período de execución do Plan de Igualdade foron introducidos contidos de xénero e igualdade de Oportunidades na Semana de Educación desenvolvida anualmente.</p> <p>Baixo o lema “Da casa á escola: ferramentas para unha educación eficiente”, desenvólvese a III Semana da Educación do ano 2018. Esta actividade ten como obxectivo visibilizar a importancia da educación na sociedade, unha firme aposta do Concello de Tomiño, que leva anos traballando para mellorar as capacidades e habilidades do alumnado, sempre dun xeito integral e involucrando a todos os axentes</p>

implicados. Data: 19 ao 22 de febreiro 2018 ás 17:00h. Lugar: Auditorio Municipal de Goián. Participaron as seguintes persoas relatoras:

Javier Cebreiros, doutor en Comunicación, foi o encargado de inaugurar a semana de conferencias. Na súa intervención falou sobre a **“Comunicación con emoción: a motivación está sobrevalorada”**, na que a través de ferramentas prácticas, anécdotas e datos científicos ponse en valor a capacidade de elixir a actitude a adoptar en cada momento. Data: 19/02/2018.

Alba Alonso, especialista en Maxisterio e cofundadora de RealKiddys, un proxecto para promover a igualdade de xénero entre a infancia, impartiu a súa charla sobre **“O bullying de xénero ou cando o mundo rosa/azul tórnase negro”** co obxectivo de concienciar ás persoas participantes sobre o estado actual do bullying en aulas e fogares, ofrecendo varias ferramentas para actuar contra os diferentes tipos de acoso escolar. Data: 20/02/2018.

O educador social e mestre na Universidade de Barcelona *Carles Vila*, a través da charla **“Como escoitamos e miramos ás persoas adolescentes?”** reflexionou sobre os condicionantes cos que as persoas adultas miran ás persoas adolescentes e como isto inflúe nos procesos de educación. Data: 02/02/2018.

María Hidalgo, licenciada en Comunicación Audiovisual e Master en Cultura de Paz, Conflitos, Educación e Dereitos Humanos pecha a xornada e imparte a conferencia **“Claves educativas para empoderar ás familias: como consensuar normas e límites esenciais”**, a través da cal menciona as habilidades esenciais que os rapaces e rapazas deben aprender fóra das aulas, dos riscos de educar dende o medo en lugar de dende o respecto, das prácticas nocivas na educación que se lle da a fillos e fillas e da importancia de establecer normas e límites. Data: 22/02/2018.

Baixo o título **“Educación Activa, sociedade proactiva”** desenvólvese a cuarta edición da Semana da Educación. Data: 4 ao 7 de febreiro de 2019. Lugar: Auditorio Municipal de Goián. As persoas relatoras foron as seguintes:

Coral Regi, bióloga, directora da Escola Virolai de Barcelona, imparte a conferencia: **“Xestión do cambio educativo-Máis aló das modas”** a través da súa intervención explica porqué a escola debe transformarse e cales son os cambios sociais e educativos, as liñas prioritarias da educación na actualidade: valores, competencias...etc; así como a función das familias e a colaboración coa contorna. Data: 04/02/2019 ás 19:00h.

Jorge Úbeda é doutor en Filosofía, dirixe a Fundación Promaestro, é profesor asociado da Universidade Complutense de Madrid onde imparte docencia no Master de Formación do Profesorado. A través da súa conferencia **“Por unha educación baseada no coñecemento: Claves para centros educativos, docentes e familias”** reivindica a educación baseada nun coñecemento contrastado, baseada en probas e afastado de pseudociencias. Na súa exposición ofreceu aos centros educativos e ao profesorado claves para basear a súa práctica educativa no coñecemento. Data: 05/02/2019 ás 19:00h.

A relatora *Iria Marañón* escritora dos libros “Educar en el feminismo” e “Liberar de la carga mental”, creadora do blog de coeducación feminista “Comecuentos Makers.com” e formadora en educación en igualdade, impartiu a conferencia: **“A igualdade tamén se aprende”** a través da cal realiza unha revisión sobre de onde obteñen nenas e nenos os estereotipos de xénero e o calado que teñen as mensaxes enviadas dende a familia, os centros educativos, as referencias culturais, á hora de xerar desigualdades sociais. Data: 06/02/2019 ás 19:00h.

Finalmente, *David Bueno*, doutor en Bioloxía e profesor e investigador na sección de Xenética Biomédica Evolutiva da Universidade de Barcelona, autor de numerosos artigos e libros científicos especializados e de libros de texto de Primaria, Secundaria, Bacharelato. Na súa conferencia **“Sorpresa! Que quere aprender o cerebro?”** tratouse de como aprende o cerebro, e moi especialmente, que debemos ofrecerlle para sacar o mellor proveito dos procesos educativos. Data: 07/02/2019 ás 19:00h.

Co lema: **“As novas fronteiras da educación, unha educación sen fronteiras”** foi organizada do 10 ao 13 de febreiro a Semana da Educación do ano 2020, no Auditorio de Goián, coa finalidade de que docentes, persoas educadoras e pais e nais acudan a informarse e formarse en diferentes temáticas relacionadas coa educación.

Pepa Horno, psicóloga e consultora en infancia, afectividade e protección infantil,

durante máis de vinte anos e coordinadora de campañas estatais e internacionais para a prevención e erradicación da violencia contra os nenos e nenas. **“Educar sen medo”** título da súa conferencia onde aborda a auto regulación e a integración emocional como claves do benestar dos nenos e nenas, e como ensinar a transitar as emocións dende o vínculo afectivo. Salienta o papel clave das familias en promover o equilibrio emocional. Traballouse de xeito vivencial as aprendizaxes e as ferramentas que necesitamos dar ás nosas fillas e fillos para facilitarlles ese proceso. Data: 10/02/2020 ás 19:00 horas.

Juan Llorca, Chef valenciano, e apaixonado pola nutrición e a alimentación infantil. Responsable do comedor da Montessori School, de Valencia e creador do movemento en redes sociais #PorUnaEscuelaBienNutrida e @SOSFAMILIAS. **“A súa alimentación é a túa responsabilidade”**, é o título da súa conferencia, onde abordou o panorama da alimentación infantil no país, sinalando os erros que se cometen habitualmente e os principais problemas e solucións para unha alimentación o máis correcta e saudable posible. Data: 11/02/2020 ás 19:00 horas.

Victor Arufe é profesor na Facultade de Educación da Universidade de Coruña. Autor do Blog Educación, Innovación e Emprendemento e creador da plataforma educativa EDUCA. Na súa conferencia **“Educar na sociedade actual. Claves para a boa educación de nenos e nenas”**, dirixida a familias, profesorado, comunidade educativa, e profesionais que traballan con nenos e nenas, aborda de forma práctica, orixinal e novidosa a educación, expoñendo as bases que deben primar na educación de nenos e nenas. Abordáronse tamén temas vinculados coa educación en valores, variables psicolóxicas e psicosociais como autoestima, motivación, depresión..., educación para o coidado do medio ambiente, para o non consumismo, o esforzo, a orde, limpeza, hixiene, rutinas, práctica do deporte. Data: 12/02/2020 ás 19:00h.

Lola López Mondéjar, psicanalista, escritora, docente, articulista e colaboradora regular dos periódicos “La Opinión de Murcia”, “Infolibre”, “Tribuna Feminista”. Entre as súas obras publicadas atópanse as novelas “Mi amor desgraciado”, “La primera vez que no te quiero” etc. A través da súa conferencia de título **“Contracorrente. Educación e pensamento crítico”** explicita que na actualidade, a educación que se imparte non prepara ao alumnado para o futuro que nos agarda, o que se deriva da crise medioambiental. Indica que o individuo que produce o sistema de produción do capitalismo imperante é profundamente narcisista, individualista e “baleiro”, e fronte a el, a contracorrente, o sistema educativo debería proporcionar os instrumentos para xerar unha subxectividade nova: solidaria, respectuosa co planeta e cos principios da sustentabilidade, defensora da igualdade entre os seres humanos e provista dun pensamento crítico capaz de rebelarse contra o dado. Data: 13/02/2020 ás 19:00 h.

Do 8 ao 11 de febreiro do ano 2021 desenvólvese a Semana da Educación co lema: **“Educar con emoción, aprender con paixón”** no Auditorio de Goián. Nesta edición participan as seguintes persoas:

Octavio Salazar, catedrático de Dereito Constitucional da Universidade de Córdoba e responsable do Grupo de Investigación Democracia, Pluralismo e Cidadanía. Investigador en igualdade de xénero, diversidade cultural e relixiosa, participación, goberno local, novas masculinidades, dereitos LGTBI. Docente sobre igualdade de xénero en Master universitarios. Autor e/ou coautor de varias obras literarias. A través da súa conferencia **“Educación, feminismo e masculinidades”** abordou como a educación debería incorporar a perspectiva feminista, indica que habería que desenvolver programas específicos de intervención coa mocidade co obxectivo de dar resposta paritaria ao modelo educativo que marca o artigo 27.2 da Constitución Española. Data: 08/02/2021 ás 19:00h.

Almudena González é profesora Superior de Violoncello e Música de Cámara polo Conservatorio Superior de Tenerife, ampliou os seus estudos en Barcelona e Ámsterdam. Posteriormente realizou un Máster Degree of Music especialidade de Violoncello en Bruxelas e un Master en Xestión Cultural pola Universidade de Alcalá de Henares. É doutora e autora de artigos de investigación en revistas internacionais e participa de forma habitual en congresos nacionais e internacionais sobre música e cerebro. Na súa conferencia **“Educar a través da emoción musical: beneficios desde a perspectiva neurocientífica”**, aborda a literatura científica coa música como eixo vertebrador, analizando os diferentes estilos musicais académicos e populares, calidades e aspectos relacionados coa emoción e cognición musical. Afonda na interrelación dos coñecementos neurocientíficos cos musicais. Indica que a música é unha

	<p>arte capaz de provocar diferentes emocións e no contexto educativo son importantes as súas implicacións e beneficios. Data: 09/02/2021 ás 19:00h.</p> <p><i>Marta Peirano é xornalista e investigadora. Fundadora do periódico ADN, da revista Campobase e dos proxectos Copyfight, Cryptoparty Berlin e Hack Hackers Berlin. Traballa no eldiario.es como xefa de Cultura e Tecnoloxía. En 2015 publicou 'O pequeno libro vermello do activista na rede'. Colabora con diversos medios escritos e audiovisuais. Na súa conferencia “Como combater a desinformación con campañas de inoculación efectivas” invita a reflexionar como as Redes Sociais convertéronse no vehículo de transmisión perfecta da desinformación. Na súa exposición reflexiona sobre que ferramentas para combatela.</i></p> <p><i>Alberto Soler, é licenciado en psicoloxía. Master en Psicoloxía Clínica e da Saúde, e especialista europeo en Psicoterapia e está homologado como Psicólogo Xeral Sanitario. Con gran experiencia en psicoterapia e colaborador en varios espazos de radio, televisión e prensa. Cara visible do videoblog de divulgación Píldoras de Psicoloxía. Colaborador do programa “Ser Saudable” na Cadea Ser, do proxecto “Gestionando Hijos”. Profesor na Escola Bitácoras. Autor, xunto a Concepción Roger, de “Niños sin etiquetas” e “Hijos y padres felices”. Na súa conferencia, “Normas, límites, premios e castigos” indica a importancia de aos fillos e fillas con grandes doses de amor, agarimo e respecto. Pero sempre hai situacións nas que é necesario establecer algúns límites que os protexan ou para ensinarlles cal é a forma axeitada de comportarse. Entón é cando, a moitas familias e docentes asáltanlles as dúbidas de sobre si fan falta as normas e os límites establecéndoos de forma clara e respectuosa coas súas emocións. Data: 11/02/2021 ás 19:00 horas.</i></p>
--	--

1.3.4. Implantación e posta en marcha da Escola de Nais e Pais como espazo de información, formación, reflexión e intercambio de experiencias das familias da localidade.	
Departamentos e axentes participantes	Concello de Tomiño, Concellería de Educación., Escola de Nais e Pais
Temporalización	2018
Nivel de execución	Non executada

1.3.5. Realización dunha actividade formativa sobre xénero e igualdade dirixida ao persoal dos departamentos municipais que proporcione información sobre as principais “fendas de xénero” e os espazos sociais onde existe maior desigualdade entre mulleres e homes.	
Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade , Departamentos municipais
Temporalización	2018
Nivel de execución	Executada
Proceso de execución	<p>“Taller específico para a sensibilización da igualdade e prevención fronte a Violencia de Xénero dirixido a profesionais do Ámbito Social”. Organizado a través do Servizo de Igualdade, e dirixido ao persoal do Departamento de Benestar Social do Concello coa finalidade de capacitar ás técnicas de acordo cos protocolos de actuación ante vítimas de violencia de xénero. Os obxectivos específicos desta actividade son: facilitar a adecuación das intervencións profesionais aos principios básicos de actuación, ante vítimas de violencia de xénero, dende unha metodoloxía teórico-práctica. Para elo, proporcionase ás participantes un marco teórico e normativo en relación á violencia de xénero, vencellando as experiencias profesionais das participantes aos conceptos básicos sobre violencia de xénero. Data: días 2, 3 e 9 de xullo de 2020, entre as 8:30 e as 11:00 horas. Actividade financiada con cargo aos créditos recibidos do “Ministerio de Igualdad, Secretaría General de Igualdad y contra la Violencia de Género”.</p> <p>Realización “Obradoiros para sensibilización da igualdade e de formación sobre violencia machista” dirixido á Policía Local e a Protección Civil de Tomiño. Organizado pola Oficina Municipal de Igualdade, co obxectivo de proporcionar a axentes destes colectivos as ferramentas teórico-prácticas para enfrontarse aos casos</p>

	de violencia de xénero que se produzan no municipio. Datos: 15 de setembro de 9:00 a 11:30 horas e 16 de setembro de 16:00 a 19:30 horas de 2020. Lugar: Salón de Plenos. Actividade financiada con cargo aos créditos recibidos do Ministerio de Igualdad, Secretaría de Estado de Igualdad y contra la Violencia de Género.
--	---

1.3.6. Organización de actividades dirixidas a fomentar a igualdade de xénero coa poboación máis nova en colaboración coa Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX).	
Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade, OMIX, Concellería Servizos Sociais
Temporalización	2018-2019-2020
Nivel de execución	Executada
Proceso de execución	<p>Realización das “Xornadas feministas para o fomento da participación de mulleres novas”, dirixidas a mulleres novas que desexan coñecer a nosa historia e contribuír activamente a facer posible que o conto siga mudando ata que a igualdade sexa, por fin, unha realidade.</p> <p>Contidos: O feminismo como movemento emancipador e de transformación social; Emprego e Emprendemento, autonomía persoal. Sororidade, empoderamento, asociaciónismo feminino e redes de apoio, etc.</p> <p>Xornadas multidisciplinar, teóricas e prácticas, impartidas por expertas nos distintos ámbitos. Nas xornadas participaron como relatoras as seguintes profesionais:</p> <p><i>Nanina Santos Castroviejo</i> (escritora, integrante do Consello de redacción da revista de pensamento feminista Andaina e figura histórica do movemento feminista galego).</p> <p><i>Ania González</i> (avogada e crítica cultural, especialista en Teoría Crítica do Discurso, colaboradora en diversos colectivos e crítica de arte en Babelia-El País).</p> <p><i>Diana López Varela</i> (xornalista e escritora, autora de ‘No es país para coños’; directora da curta ‘Feminazi’ e colaboradora en diversos medios de comunicación) que presenta o seu libro ‘Maternofobia. Relato de una generación enfrentada a la maternidad’. Data: 23 a 27/09/2019. Lugar: Salón de Plenos do Concello. Actividade organizada en colaboración coa Oficina Municipal de Igualdade.</p> <p>Para conmemorar o <i>Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia</i> o grupo de voluntariado da OMIX de Tomiño organizou un evento co obxectivo de visibilizar a mozas do municipio que escolleron a ciencia para formarse e adicarse a ela de xeito profesional. A Mesa redonda: “Veciñas na Ciencia”, ten como obxectivo achegar estes referentes ás novas xeracións de rapazas. Trátase de que as mozas vexan que para atopar a mulleres referentes no ámbito científico non precisan saír en documentais na televisión ou en internet, senón que poden ser as súas propias veciñas, esas ás que poden atopar pola rúa ou cando van ao supermercado, de aí o nome do evento. Participan cinco mozas de Tomiño, cada unha especializada nunha rama científica diferente, onde faláron da súa experiencia persoal, as dificultades que atoparon á hora de procurar un emprego ou as diferenzas existentes cos seus compañeiros de estudos e de traballo. Evento realizado vía streaming. Data: 13/02 de 2021 ás 18:00h.</p> <p>Na mesa redonda participaron as seguintes relatoras:</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Laura Alonso Martínez</i> (Goián): Enxeñeira forestal con mestrado en xestión da biodiversidade. Actualmente está realizando un doutoramento traballando de investigadora. • <i>Laura Otero Rodríguez</i> (Goián): Bióloga e intuicionista, especializada en nutrición natural. • <i>Lidia Mariño Carballo</i> (Estás): Licenciada en Veterinaria e cun Mestrado en “Traumatoloxía e cirurxía ortopédica en animais de compañía”, especialidade tradicionalmente masculinizada. <p><i>Noemí Álvarez Núñez</i> (Tomiño): Licenciada en Farmacia e especialista en Farmacia Hospitalaria.</p> <p><i>Sheila Ríos Campos</i> (Vilameán): Enxeñeira Industrial responsable de loxística en Galicia de Inturasa Pérez Rumbao, S.A. – IVECO.</p>

1.3.7. Colaboración entre a Oficina de Igualdade e outras áreas municipais (Servizos Sociais e Educación Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX)) a fin de realizar un traballo conxunto que fomente a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.	
Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade, Concellería Servizos Sociais, Concellería Educación, OMIX
Temporalización	2018-2019-2020
Nivel de execución	Executada
Proceso de execución	A pesar da inexistencia dunha estrutura con persoal estable na Oficina de Igualdade, existe determinada colaboración entre a Oficina de Igualdade e outras áreas municipais á hora de realizar traballo conxunto que fomente a igualdade. Áreas de Servizos Sociais, Cultura, OMIX, Educación Familiar ou Orientación Laboral.

Obxectivo 1.4. Apoiar o movemento asociativo de mulleres e a súa participación no tecido asociativo local.

ACCÍONS

1.4.1. Impulso á creación dun movemento asociativo de mulleres que como axentes de cambio social promovan a súa conciencia como grupo e o seu empoderamento, propiciando a reflexión e o intercambio de ideas.	
Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade, Concellería Servizos Sociais, Movemento asociativo.
Temporalización	2018
Nivel de execución	Parcialmente executada
Proceso de execución	Salientar que esta actividade realízase parcialmente a través das “Xornadas feministas para o fomento da participación de mulleres novas” , dirixida ás mulleres novas co obxectivo de que coñezan a historia e contribuír activamente a facer posible un cambio cara a igualdade real. Nestas xornadas, tratouse como temática a importancia do asociacionismo feminino e as redes de apoio. Unha das relatoras participantes foi, <i>Nanina Santos Castroviejo</i> (escritora, integrante do Consello de redacción da revista de pensamento feminista <i>Andaina</i> e figura histórica do movemento feminista galego). Data: 23 ao 27 de setembro de 2019. Lugar: Salón de Plenos do Concello. Actividade organizada en colaboración coa Oficina Municipal de Igualdade.

1.4.2. Creación do Consello Municipal da Muller como órgano de participación social que velará pola igualdade de oportunidades entre ambos sexos.	
Departamentos e axentes participantes	Alcaldía, Oficina de Igualdade, Movemento asociativo
Temporalización	2018
Nivel de execución	Non Executada

Táboa: Nivel execución Área de Estratéxica de Sensibilización e Participación en Igualdade de Oportunidades

Accións	Executada	Parcialmente executada	Non executada
1.1.1. Difusión, a través de medios telemáticos, do 3º Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Tomiño entre os departamentos municipais e axentes sociais e comunitarias da localidade.	Amarelo		
1.1.2. Inclusión na páxina web do Concello dun espazo específico que visibilice a Oficina de Igualdade Municipal onde se difundan os recursos existentes, e as actividades organizadas relacionadas coa igualdade de xénero e a prevención das violencias machistas.		Amarelo	
1.1.3. Inclusión no espazo web da Oficina de Igualdade do documento relativo a este 3º Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes que permita ser consultado polo persoal municipal e a poboación en xeral.	Verde		
1.2.1 Desenvolvemento de actividades formativas sobre xénero e igualdade de oportunidades dirixidas ao profesorado que intervén no eido educativo, tanto na educación formal como informal, facendo fincapé no seu labor que como axentes de socialización teñen na transformación das desigualdades de xénero.	Verde		
1.2.2. Organización de accións formativas sobre “Xénero e igualdade de oportunidades” dirixidas ao voluntariado que intervén nos programas e actividades municipais co obxectivo de integrar a perspectiva de xénero no traballo que desenvolven.			Verde
1.2.3. Desenvolvemento dun obradoiro anual de educación afectivo sexual, dirixido ao alumnado e mozas e mozos da localidade, que respecten a diversidade de identidades sexuais coa finalidade de eliminar os sesgos de xénero existentes, fomentar a reflexión sobre as condutas e comportamentos sexistas e de control que se producen.	Verde		
1.2.4. Realización de actividades lúdicas que fomenten a igualdade de oportunidades entre mozas e mozos e que contribúan a contrarrestar as mensaxes sexistas lanzadas desde os medios de comunicación coa finalidade de construír relacións máis igualitarias entre a poboación adolescente.	Verde		
1.2.5. Proxección de películas libres de estereotipos de xénero nas programacións de cine infantil que se desenvolvan desde o concello, coa finalidade de eliminar das películas dirixidas á poboación infantil, mensaxes sexistas cargadas de estereotipos de xénero que constrúen e condicionan a personalidade adulta.	Verde		
1.2.6. Continuidade na conmemoración do 8 de Marzo “Día Internacional das Mulleres” a través de actividades de sensibilización e promoción da Igualdade de Oportunidades.	Verde		
1.2.7. Realización de actividades de sensibilización dirixidas ás mulleres da localidade onde se traballen aspectos relacionados coa comunicación, a asertividade e empatía coa finalidade de reflexionar e tomar conciencia sobre as relacións estereotipadas de parella e as desigualdades que orixinan.	Verde		
1.2.8. Inclusión de actividades de animación á lectura desde a perspectiva de xénero e feminista de cara á construción da futura Biblioteca Pública.	Verde		
1.2.9. Organización dun obradoiro de Autoestima e crecemento persoal dirixido a fomentar o empoderamento das mulleres da localidade.	Verde		
1.2.10. Introducción, desde os Servizos Sociais municipais, de incentivos dirixidos ás nais e pais que perciben axudas sociais para que participen na Escola de Nais e Pais.			Verde
1.3.1.Promoción progresiva da inclusión da variable sexo nas bases de datos,estatísticas e memorias realizadas polo Concello,a fin garantir unha análise da poboación municipal desagregada por sexo.			Verde
1.3.2. Aplicación da perspectiva de xénero no proxecto “É Aprender”, proporcionando formación en xénero e igualdade de oportunidades ao persoal que participa na formación e coordinación do mesmo.			Verde
1.3.3. Introducción de contidos de xénero e igualdade de Oportunidades na Semana de Educación que se desenvolve anualmente na localidade.	Verde		
1.3.4. Implantación e posta en marcha da Escola de Nais e Pais como espazo de información, formación, reflexión e intercambio de experiencias das familias da localidade.			Verde
1.3.5. Realización dunha actividade formativa sobre xénero e igualdade dirixida ao persoal dos departamentos municipais que proporcione información sobre as principais “fendas de xénero” e os espazos sociais onde existe maior desigualdade entre mulleres e homes.	Verde		
1.3.6. Organización de actividades dirixidas a fomentar a igualdade de xénero coa poboación máis nova en colaboración coa Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX).	Verde		
1.3.7. Colaboración entre a Oficina de Igualdade e outras áreas municipais (Servizos Sociais, Educación OMIX) a fin de realizar un traballo conxunto que fomente a igualdade entre mulleres e homes.	Verde		
1.4.1. Impulso á creación dun movemento asociativo de mulleres que como axentes de cambio social promovan a súa conciencia como grupo e o seu empoderamento, propiciando a reflexión e o intercambio de ideas.		Amarelo	
1.4.2. Creación do Consello Municipal da Muller como órgano de participación social que velará pola igualdade de oportunidades entre ambos sexos.			Verde

Como podemos observar na táboa anterior a área de Sensibilización e Participación en Igualdade de Oportunidades ten unha ampla execución.


Das 22 accións que contempla o Plan para desenvolver esta área, 14 foron executadas totalmente, 3 so se poideron executar de forma parcial e 5 non foron executadas.

Da información recollida a través do estudo cualitativo despréndese que unha das causas da parcialidade na execución dalgunhas das accións contempladas nesta área débese á necesidade de priorizar as actividades formativas e de sensibilización da igualdade dirixidas á toda a poboación, sobre todo á máis nova, e a diferentes colectivos profesionais. Sinalar tamén como outra das causas a deficiencia de recursos humanos que permitan acometer unha eficaz difusión do Plan ou visibilizar a Oficina de Igualdade.

Por outra banda a non execución das medidas relacionadas coa incorporación da variable sexo nas bases de datos e estatística ou a aplicación da perspectiva de xénero no ámbito municipal, teñen a súa posible causa no elevado grao de complexidade que supón que todo o persoal adopte este enfoque no seu labor, feito que implica un cambio cultural e metodolóxico de gran importancia. A isto debemos engadir a falla de recursos humanos e económicos para dota á Oficina de Igualdade de persoal técnico que programe e execute o Plan de Igualdade.

Co obxectivo de visibilizar o nivel de execución desta área, amosamos a seguinte gráfica de carácter porcentual.

Gráfico: Nivel execución Área de Sensibilización e Participación en Igualdade de Oportunidades



O nivel de execución do área estratéxica de Sensibilización e Participación en Igualdade de Oportunidades amosa un nivel de execución do 61%, polo tanto, 6 de cada 10 accións foron executadas. As accións executadas parcialmente constitúen o 13%, mentres que as non executadas son o 26%.

3.1.2. ÁREA ESTRATÉXICA DE EMPREGO E CONCILIACIÓN

A Área Estratéxica de Emprego e Conciliación ten como obxectivo xeral fomentar a participación equilibrada de mulleres e homes no eido laboral a través de medidas que faciliten a inserción laboral das mulleres. Establece tres obxectivos específicos dirixidos a reducir os obstáculos que impiden e/ou dificultan a inserción laboral das mulleres; a sensibilizar ao empresariado sobre a situación sociolaboral das mulleres da zona; e a potenciar a creación e ampliación de recursos e servizos que favorezan a conciliación da vida laboral, persoal e familiar de mulleres e homes da localidade.

A continuación expóñense as accións establecidas para cada un dos obxectivos que conforman esta área de intervención.

OBXECTIVO XERAL

Fomentar a participación equilibrada de mulleres e homes no eido laboral a través de medidas que faciliten a inserción laboral das mulleres.

Obxectivo 2.1. Reducir os obstáculos que impiden e/ou dificultan a inserción laboral das mulleres de /Tomino.

ACCIÓN

2.1.1. Inclusión do enfoque de xénero nas accións de formación para o emprego e na orientación laboral desenvolvidas no ámbito da competencia municipal para facilitar e mellorar a inserción laboral das mulleres.	
Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade, Concellería de Servizos Sociais
Temporalización	2018-2019-2020
Nivel de execución	Executada
Proceso de execución	Salientar que nas accións de formación e orientación para o emprego desenvolvidas polo Concello de Tomiño para facilitar a inserción laboral das mulleres contemplase o enfoque de xénero.

2.1.2. Inclusión, en todos os programas e accións municipais dirixidas a fomentar o emprego e a inserción laboral de mulleres e homes, dunha formación ocupacional libre de estereotipos de xénero.	
Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade, Concellería de Servizos Sociais
Temporalización	2018-2019-2020
Nivel de execución	Executada
Proceso de execución	Segundo a información proporcionada, comprobase que durante a vixencia do Plan de Igualdade levouse a cabo unha formación ocupacional libre de

estereotipos de xénero. Os cursos organizados estaban dirixidos a mulleres e homes da localidade, agás un dos cursos, que se menciona máis adiante, dirixido especialmente a mulleres desempregadas, especialmente aquelas que estaban en maior situación de vulnerabilidade (víctimas violencia de xénero, monomarentais...), non obstante, a maioría das solicitantes e participantes destas actividades formativas foron mulleres. Deseguido mencionamos os cursos realizados no período mencionado.

Curso de escaparate '**O ben feito ben parece**', unha actividade formativa organizada pola Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural, entidade responsable da execución da Medida Leader 2014-2020, e que ten como obxectivo principal axudar a crecer e mellorar o comercio local, dando ferramentas á todas as persoas participantes para mellorar as vendas dos negocios e facelos máis competitivos e de éxito. Curso centrado na comercialización de produtos tanto do sector primario como doutros sectores. Dirixido a persoas emprendedoras e comercios locais, así como a calquera persoa interesada. Ao longo do curso, as persoas participantes traballaron as habilidades necesarias para desenvolver o escaparate perfecto, tendo en conta dende os puntos de atracción visual ou o tipo de decoración máis axeitada en cada negocio para visibilizar os produtos e favorecer as compras. Duración: 36 horas. Data: do 14 ao 30 de xaneiro de 2018 de 16:30 a 20:30 horas.

Realización do curso "**O servizo de axuda no fogar e a excelencia profesional**", organizado en colaboración coa empresa "Idades", especializada na prestación de servizos de atención socio-sanitaria (con compromiso de contratación). Data: 8 de outubro a 30 de novembro de 2018. Duración: 140h. (40h teóricas e 100 prácticas). O curso estivo dirixido a persoas desempregadas, traballadoras en activo, a familiares de dependentes ou a calquera outra persoa do municipio interesada en formarse para poder traballar no sector da atención socio-sanitaria. Participantes: 15 persoas (14 mulleres e 1 home) cunha media de idade de 41 anos. Datas Parte teórica: do 8 ao 29 de outubro 2018, luns, mércores e venres de 16:30h a 20:30h. Prácticas (non remuneradas): do 5 ao 30 de novembro de 2018. Lugar: Escola Obradoiro O Regatiño, Goián (Tomino).

Realización do "**Curso de formación dirixido a cuidadores e cuidadores de persoas dependentes**" organizado pola Concellería de Benestar Social de Tomino en colaboración con AFAGA (Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia). As clases distribuídas en catro sesións de dúas horas estiveron a cargo do psicólogo de AFAGA Gonzalo Soliño. O obxectivo deste taller é concienciar a cuidadores e cuidadoras da importancia de coidarse para poder coidar, así como proporcionar estratexias que fomenten o auto coidado. A través de diversas dinámicas nas que se traballa o coidado da saúde, a xestión do tempo, o manexo das emocións e a resiliencia. Data: Novembro de 2019.

Organización do curso de "**Caixeiro/a Reponedor/a**" de 40 horas de duración, 30 delas de prácticas non remuneradas. Curso dirixido a persoas desempregadas preferentemente empadroadas en Tomino. Este curso tivo unha alta demanda, inscribíronse 86 persoas, das cales, 79 eran mulleres. Data: abril de 2019. Lugar: O Centro de Formación O Regatiño, de Goián. Tivo como resultado a contratación de catro das vinte persoas que realizaron o curso.

Debido á gran demanda levouse a cabo outro curso de "**Caixeiro/a Reponedor/a**" de 40 horas de duración, 30 delas prácticas non remuneradas. A parte teórica desenvólvese os días 27 e 28 de maio de 2019 de 16:30 a 21:30 horas. As prácticas (non remuneradas) realízanse a partir do 28 de maio en supermercados do Baixo Miño. Lugar: Centro de Formación O Regatiño, de Goián. Neste curso tiveron preferencia as persoas que quedaron en lista de espera na edición anterior do curso.

Curso "**Manipulación de alimentos**", de 3 horas de duración. Data: 01/10/2019. Lugar: Escola Obradoiro de Goián a partir das 17:00 horas.

	<p>Realización do curso “Competencias dixitais na busca de emprego e nas relacións coa Administración” O curso desenvolveuse a través dos seguintes módulos formativos:</p> <p>2.1 Informática: Módulo Informática Básica; Módulo Internet; Módulo Internet para a busca de emprego.</p> <p>Modulo: Uso das Webs da Administración. Certificado electrónico e Sistema Chave.</p> <p>2.2. Módulo: Igualdade e Prevención da Violencia de Xénero.</p> <p>Lugar: Aula na Escola-obradoiro municipal en Goián, lugar que permitiu cumprir coas medidas de seguridade COVID-19 impostas polas autoridades sanitarias e os plans específicos de seguridade, protocolos organizativos e guías adaptados á actividade. Aula dotada con material informático e conexión wifi Participantes: inscribíronse 22 mulleres, se ben 2 renunciaron por incompatibilidade horaria.</p> <p>Coordinación do Servizo de Igualdade municipal que o impulsa, en colaboración cos Departamentos de Servizos Sociais e Orientación Laboral municipais, coa finalidade de chegar aos perfís máis vulnerables, tendo en conta as restricións de aforo, e dados os obxectivos, mulleres desempregadas, especialmente aquelas que estaban en maior situación de vulnerabilidade (víctimas violencia de xénero, monomarentais, etc). Dadas as restricións e normas de seguridade derivadas da pandemia, tendo en conta o aforo e capacidade da Aula, as participantes distribuíronse nos seguintes <u>grupos</u> e horarios:</p> <p>Grupo I: luns e mércores de mañá (de 09.30 a 12.00h)</p> <p>Grupo II: luns e mércores de tarde (de 16.00 a 18.30h)</p> <p>Grupo III: martes e xoves de mañá (de 09.30 a 12.00h)</p> <p>Inicio da actividade: 05/10/2020</p> <p>Grupo I: luns e mércores en horario de mañá, de 9.30 a 12.00h</p> <p>Grupo II: luns e mércores en horario de tarde, de 16.00 a 18.30h</p> <p>Grupo III: martes e xoves en horario de mañá, de 09.30 a 12.00h</p> <p>Como consecuencia da entrada de Tomiño en fase epidemiolóxica vermella e o aumento significativo de contaxios, foi necesario suspender o curso o día 14/10/2020 até que a situación se estabilizara e permitira a súa continuación sen risco para participantes e cidadanía. O día 11/11/2020 remudase, con diminución de aforo por aula (máximo de 6 persoas, incluído monitor) co fin de garantir a seguridade das persoas participantes. As mulleres que finalmente continuaron foron 14, sendo necesario realizar reestruturación horaria, temporalización e adaptación de contidos. Curso co-financiado polo Concello de Tomiño e a Deputación de Pontevedra.</p>
--	--

2.1.3. Realización de obradoiros de habilidades sociais, persoais e de comunicación dirixidos a mulleres que se atopan en situación de especial vulnerabilidade coa finalidade de mellorar a súa inserción laboral e promover a súa autonomía.	
Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade, Concellería de Servizos Sociais
Temporalización	2018-2019-2020
Nivel de execución	Executada
Proceso de execución	<p>Esta actividade desenvolveuse a través da acción formativa “Competencias dixitais na busca de emprego e nas relacións coa Administración” O curso contén os seguintes módulos: 1.Informática: Módulo Informática básica. Módulo Internet. Módulo Internet para a busca de emprego.</p> <p>Modulo: Uso das Webs da Administración. Certificado electrónico e Sistema Chave.</p> <p>2.Módulo: Igualdade e Prevención da Violencia de Xénero. Coordinación do Servizo de Igualdade municipal que o impulsa, en colaboración cos Departamentos de Servizos Sociais e Orientación Laboral municipais, coa finalidade de chegar aos perfís máis vulnerables, mulleres desempregadas, especialmente aquelas que estaban en maior situación de vulnerabilidade (víctimas violencia de xénero, monomarentais, etc). Data: 05/10/2020.</p>

Obxectivo 2.2. Sensibilizar ao empresariado sobre a situación sociolaboral das mulleres da zona.

ACCIÓNS

2.2.1. Posta en marcha de medidas de sensibilización dirixidas ao empresariado da zona para dar a coñecer as axudas e medidas existentes dirixidas a fomentar o emprego e a contratación feminina.

Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade; Concellería de Servizos Sociais.; Empresariado.
Temporalización	2018
Nivel de execución	Non executada

2.2.2. Difusión entre o empresariado do territorio das axudas e subvencións existentes dirixidas á elaboración e implantación de Planes de Igualdade nas empresas.

Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade; Concellería de Servizos Sociais; Empresariado.
Temporalización	2019
Nivel de execución	Non executada

Obxectivo 2.3. Potenciar a creación e ampliación de recursos e servizos que favorezan a conciliación da vida laboral, persoal e familiar de mulleres e homes

ACCIÓNS

2.3.1. Colaboración coas ANPAS dos centros educativos da localidade na posta en marcha dun “Plan Madruga Local” que funcione cun horario matinal antes do inicio das clases, e un horario de mediodía nos casos onde existan comedores escolares e/ou actividades extraescolares.

Departamentos e axentes participantes	Concello Tomiño; Centros educativos; ANPAS
Temporalización	2018
Nivel de execución	Non executada

<p>2.3.2. Continuar desenvolvendo a oferta de deportes e campamentos de verán, como actividade lúdica que permite que nenas e nenos empreguen o seu tempo libre participando en actividades que promoven a corresponsabilidade, a cooperación, a educación en valores, fomentando unha convivencia igualitaria.</p>	
Departamentos e axentes participantes	Concellería de Servizos Sociais OMIX
Temporalización	2018-2019-2020
Nivel de execución	Executada
Proceso de execución	<p>O Concello de Tomiño organiza durante o ano 2018 o Campamento Urbano dentro das actividades de verán. Divididos en dous grupos, por idades (3 a 6 e 7 a 12 anos), un centenar de nenas e nenos comparten as súas inxedanzas todas as mañás, de 9:00a 14:00 horas. As nenas e nenos debuxan, aprenden, fan manualidades, xogos cooperativos e multitude de actividades en igualdade. Paralelamente, lévase a cabo o Campus de fútbol. Esta actividade serve para que nenas e nenos coñezan as tácticas e técnicas deste deporte. O obxectivo é que as rapazas e rapaces que asisten ao Campus, máis alá das técnicas e tácticas, aprendan sobre valores como a deportividade ou a igualdade programando as seguintes actividades: <i>Visita de Sara Tui</i>, xogadora da primeira división feminina no Clube Unión Deportiva Granadilla Tenerife Egatesa. A centrocampista galega adestrou xunto coas persoas participantes no campus e ensinoulles algunhas das claves para triunfar no mundo do fútbol.</p> <p><i>Charla sobre a igualdade no mundo do deporte</i>, e outra sobre “A prevención de lesións” e un “Obradoiro de primeiros auxilios!”. Data: 02/07/ao 31/07/2018. Lugar: Campos de fútbol da Carballa (Tomiño) e do Regatiño (Goián).</p> <p>Lévanse a cabo actividades coma o Campus de Rugby e Campus Piragüismo, Campus de Tenis e Campus de Padel, con máis de 50 persoas apuntadas. Salientar a aceptación cada vez maior deste tipo de deportes até o de agora minoritarios.</p> <p>Do 17 ao 24 de agosto levase a cabo o Campamento Musical organizado pola Agrupación Musical de Goián, coa colaboración co Concello de Tomiño. Participan: 24 nenas e nenos de 3 a 12 anos. Lugar: Auditorio de Goián. A maioría das persoas participantes son de Tomiño (aínda que tamén o fan doutros concellos da comarca: O Rosal, A Guarda, Tui ou Vilanova da Cerveira). As clases desenvólvese de luns a venres de 10:00 a 14:00 horas, e son impartidas por tres profesionais da Escola de Música de Goián. Para a maioría das e dos menores participantes, este campamento é o seu primeiro contacto co mundo da música”, polo que se fai especial fincapé en desenvolve-lo a través de xogos e dinámicas de grupo, obradoiros de creación de instrumentos, merendas saudables, “traballando cunha metodoloxía integradora que lles permite aprender a convivir na diversidade e na igualdade”.</p> <p>O Campamento Urbano do ano 2019 desenvólvese do 1 ao 31 de xullo de 9:00 a 14:00 horas. Estivo coordinado pola psicóloga Andrea Iglesias e por dez monitoras e monitores. Ao longo deste mes, as e os menores debuxaron, aprenderon, fixeron manualidades, xogos cooperativos, lecturas, obradoiros de globofexia, máscaras e xogos populares. Ademais dos temas mencionados, traballase conceptos transversais coma o xénero, a reciclaxe, o coidado do medio, a violencia, as habilidades sociais, os hábitos saudables. Participan: 95 nenas e nenos. Este ano como novidade, abriuse ademais unha <i>Aula matinal</i> a partir das 8 da mañá, pensada para as familias traballadoras. Outra innovación foi a inclusión dun tempo de lectura e xogos de estimulación cognitiva, estratexias de aprendizaxe e relacionais, achegados polo departamento de Educación Familiar. Nesta nova edición do campamento, dedicada especialmente á creatividade, a arte e a cultura, confeccionáronse moitas manualidades, entre elas, un mural con instrumentos musicais pintados con ceras.</p> <p>Levou a cabo tamén o Campus de Skate desenvolto nas pistas municipais do Campo da Feira, onde participaron 40 nenos e nenas de entre 5-18 anos que “surfearon o asfalto” dun xeito lúdico e práctico. A través desta actividade,</p>

	<p>aprenderon trucos básicos para principiantes e tamén a mellorar e depurar técnicas.</p> <p>O Campus de fútbol, contou coa participación de máis de 50 nenas e nenos. Estas actividades deportivas desenvólvese nas pistas da Área Deportiva do Mosteiro. O Campus de balonmán levase a cabo do 5 ao 16 de agosto dirixido a menores de 6 a 13 anos no Pavillón da Carballa. O Campus de atletismo levouse a cabo do 19 ao 30 de agosto nas instalacións do Área deportiva do Mosteiro. Está dirixido a nenas e nenos a partir de 3 anos. O Campamento de Pádel desenvólvese do 2 de xullo ao 29 de agosto dirixido a nenas e nenos de idades comprendidas entre os 4 e 14 anos, na área deportiva do Mosteiro. O Campus de Piraguismo, realizado do 25 de xuño ao 30 de xullo no río Miño en Goián. Participan 15 nenas e nenos de idades comprendidas entre os 8 e 14 anos.</p> <p>O Campamento Musical desenvólvese do 19 ao 23 de agosto de 10:00 a 14:00 horas no Auditorio de Goián. Impartido pola Agrupación Musical de Goián coa colaboración do Concello de Tomiño. Participan 17 menores.</p> <p>Compre salientar o carácter amplo e inclusivo das actividades de verán, deseñadas pensando en ofrecer alternativas para todos os públicos e, ao mesmo tempo, colaborar na conciliación da vida laboral e familiar.</p> <p>No ano 2020, e a través da OMX (Oficina Municipal de Información Xuvenil) organízanse os seguintes cursos de deportes de verán: Curso de HIP HOP, dirixido a persoas a partir de 12 anos. As clases estiveron baseadas na improvisación, que permite unha comunicación libre e unha forma de expresión e desafío emocional. O alumnado recibe as ferramentas técnicas, vocabulario e formas de movemento que lle permite coñecer o estilo e adaptalo ao seu corpo. Organízanse dous cursos. Un durante o mes de xullo. Lugar: Fortaleza de San Lourenzo (Goián) e en Tomiño (núcleo urbano) no Campo da Feira.</p> <p>Mediante a Programación de verán en familia organizáronse as seguintes actividades: Danza en Familia: dirixido a nenas e nenos a partir dos 3 anos. Nesta actividade, xógase cos corpos a través de ferramentas que proveñen do “partnering” onde se entra en contacto para moverse, e axudarse a crear figuras etc.. Organízanse dou cursos de 9 horas de duración. Data: xullo. Lugar: Fortaleza de San Lourenzo (Goián) e Tomiño (núcleo urbano) no Campo da Feira.</p>
--	--

2.3.3. Instar á Xunta de Galicia para que estableza un Punto de Atención de Traballo Social no Centro de Saúde da localidade coa finalidade de que a poboación deste Concello evite desprazarse sistemáticamente ata Tui.	
Departamentos e axentes participantes	Alcaldía, Xunta de Galicia
Temporalización	2018
Nivel de execución	Non executada

2.3.4. Desenvolvemento de actividades que visibilicen a importancia do traballo de coidados realizado polas mulleres da zona, facendo especial fincapé en como constitúe un obstáculo para a igualdade e a inserción no mundo laboral.	
Departamentos e axentes participantes	Concellería de Servizos Sociais ; Oficina de Igualdade
Temporalización	2018-2020
Nivel de execución	Executada
Proceso de execución	Esta acción desenvólvese a través da elaboración do mural realizado pola artista plástica Doa Ocampo “Doa Oa”.

	<p>O mural “Xuntas sanamos”, constitúe un homenaxe de visibilización das mulleres menciñeiras e sanadoras, que transmiten o seu poder e coñecemento de xeración en xeración, e que foron duramente perseguidas no pasado. Na pintura, de máis de 8 metros de lonxitude, aparecen varias plantas medicinais, coma a ruda ou a beladona, moi utilizadas en Galicia para curar enfermidades. Data: 07/05/2019. Lugar: Campo de fútbol do Alivio. Esta acción forma parte da campaña Mulleres en Acción: Violencia Zero, promovida pola Deputación de Pontevedra, coa colaboración, co Concello de Tomiño.</p>
--	---

<p>2.3.5. Desenvolvemento de actividades dirixidas ás mulleres coidadoras que lles proporcione as estratexias de afrontamento máis adecuadas, de maneira que poidan coidar ben sen descoidarse, así como proporcionarlles información sobre os recursos e servizos existentes de xeito que poidan compatibilizar o traballo de coidados coa súa vida persoal e laboral</p>	
Departamentos e axentes participantes	Concellería de Servizos Sociais ; Oficina de Igualdade
Temporalización	2018-2019-2020
Nivel de execución	Executada
Proceso de execución	<p>Realización do curso “O servizo de axuda no fogar e a excelencia profesional”, organizado en colaboración coa empresa “Idades”, especializada na prestación de servizos de atención socio-sanitaria (con compromiso de contratación). Data: 8/10 a 30/11 de 2018. Duración: 140h. (40h teóricas e 100 prácticas). Curso dirixido a persoas desempregadas, traballadoras en activo, a familiares de dependentes ou a calquera outra persoa do municipio interesada en formarse para poder traballar no sector da atención socio-sanitaria. Participantes: 15 persoas (14 mulleres e 1 home) cunha media de idade de 41 anos. Datas Parte teórica: do 8 ao 29 de outubro 2018 os luns, mércores e venres de 16:30h a 20:30h. Prácticas (non remuneradas): do 5 ao 30 de novembro de 2018. Lugar: Escola Obradoiro O Regatiño, Goián (Tomiño).</p> <p>Realización dun “Curso de formación dirixido a coidadores e coidadores de persoas dependentes” organizado pola Concellería de Benestar de Tomiño en colaboración con AFAGA (Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia). As clases distribuídas en catro sesións de dúas horas estiveron a cargo do psicólogo de AFAGA Gonzalo Soliño. O obxectivo deste taller é concienciar a coidadores e coidadoras da importancia de coidarse a un mesmas para poder coidar, así como proporcionar estratexias que fomenten o auto coidado. A través de diversas dinámicas nas que se traballa o coidado da saúde, a xestión do tempo, o manexo das emocións e a resiliencia. Data: Novembro de 2019.</p>

Táboa: Nivel de execución do Área Estratéxica de Emprego e Conciliación

Accións	Executada	Parcialmente executada	Non executada
2.1.1. Inclusión do enfoque de xénero nas accións de formación para o emprego e na orientación laboral desenvolvidas no ámbito da competencia municipal para facilitar e mellorar a inserción laboral das mulleres.			
2.1.2. Inclusión, en todos os programas e accións municipais dirixidas a fomentar o emprego e a inserción laboral de mulleres e homes, dunha formación ocupacional libre de estereotipos de xénero.			
2.1.3. Realización de obradoiros de habilidades sociais, persoais e de comunicación dirixidos a mulleres que se atopan en situación de especial vulnerabilidade coa finalidade de mellorar a súa inserción laboral e promover a súa autonomía.			
2.2.1. Posta en marcha de medidas de sensibilización dirixidas ao empresariado da zona para dar a coñecer as axudas e medidas existentes dirixidas a fomentar o emprego e a contratación feminina.			
2.2.2. Difusión entre o empresariado do territorio das axudas e subvencións existentes dirixidas á elaboración e implantación de Planes de Igualdade nas empresas.			
2.3.1. Colaboración coas ANPAS dos centros educativos da localidade na posta en marcha dun “Plan Madruga Local” que funcione cun horario matinal antes do inicio das clases, e un horario de mediodía nos casos onde existan comedores escolares e/ou actividades extraescolares.			
2.3.2. Continuar desenvolvendo a oferta de deportes e campamentos de verán, como actividade lúdica que permite que nenas e nenos empreguen o seu tempo libre participando en actividades que promoven a corresponsabilidade, a cooperación, a educación en valores, fomentando unha convivencia igualitaria.			
2.3.3. Instar á Xunta de Galicia para que estableza un Punto de Atención de Traballo Social no Centro de Saúde da localidade coa finalidade de que a poboación deste Concello evite desprazarse sistemáticamente ata Tui.			
2.3.4. Desenvolvemento de actividades que visibilicen a importancia do traballo de coidados realizado polas mulleres da zona, facendo especial fincapé en como constitúe un obstáculo para a igualdade e a inserción no mundo laboral.			
2.3.5. Desenvolvemento de actividades dirixidas ás mulleres coidadoras que lles proporcione as estratexias de afrontamento máis adecuadas, de maneira que poidan coidar ben sen descoidarse, así como proporcionarlles información sobre os recursos e servizos existentes de xeito que poidan compatibilizar o traballo de coidados coa súa vida persoal e laboral.			


A táboa anterior relativa á área de Emprego e Conciliación presenta unha boa execución. Das 10 accións establecidas para acometer esta área, 6 foron totalmente executadas e 4 non se poideron executar.

A información extraída da análise desta área indica que unha das causas da non execución das medidas desta área pode vir determinada pola dificultade que supón a sensibilización do empresariado da zona sobre o fomento da contratación feminina e a necesidade de aplicar a igualdade nas empresas. Partindo desta dificultade, priorizáronse outras medidas dirixidas á formación e orientación laboral das mulleres ou de habilidades sociais e persoais ou os campamentos ubanos e deportivos.

Por outra banda, a non execución de medidas relacionadas coa conciliación ven determinada porque debido á crise da COVID-19 no sistema educativo produciuse un reto sen precedentes. Neste sentido, o Concello, o profesorado e as familias emprazaron á Xunta para resolver os problemas xerados polo protocolo anti-COVID e que atinxe a cuestións como os comedores, o Plan Madruga e actividades extraescolares.

Co obxectivo de dar visibilidade ao nivel de execución desta área, expoñemos a seguinte gráfica de carácter porcentual.

Gráfico Nivel de execución da Area de Emprego e Conciliación



O nivel de execución da área de Emprego e Conciliación presenta un nivel de execución do 60%, dato que nos indica que de cada 10 accións, 6 foron postas en marcha. As accións non executadas representan o 40%.

3. 1.3. ÁREA ESTRATÉXICA DE ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA MACHISTA

A área Estratéxica de Eliminación da Violencia Machista ten como obxectivo xeral concienciar á poboación sobre as violencias machistas como máxima expresión da desigualdade entre mulleres e homes, ofrecendo unha atención integral ás mulleres vítimas. Para elo, establece dous obxectivos específicos: Consolidar e mellorar a atención ás mulleres vítimas da violencia machista do municipio a través da Oficina de Igualdade, e fomentar a sensibilización social da cidadanía de Tomiño en xeral, e de colectivos específicos en particular, sobre o rexeitamento das violencias machistas. Deseguido expóñense as accións establecidas para os dous obxectivos que conforman esta área de intervención.

OBXECTIVO XERAL

Concienciar á poboación sobre as violencias machistas como expresión máxima da desigualdade entre mulleres e homes, ofrecendo ás mulleres vítimas unha atención integral.

Obxectivo 3.1. Consolidar e mellorar a atención ás mulleres vítimas da violencia machista do municipio a través da Oficina de Igualdade.

ACCIÓN

3.1.1. Mantemento do Servizo de Atención e Asesoramento Xurídico en materia de igualdade e Asistencia e asesoramento a mulleres vítimas de violencia de xénero.	
Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade, Concellería Servizos Sociais
Temporalización	2017-2018-2019-2020.
Nivel de execución	Executada
Proceso de execución	<p>Durante o período de vixencia do Plan mantívose Servizo de Atención e Asesoramento Xurídico en materia de Igualdade e Asistencia e Asesoramento a mulleres vítimas de violencia de xénero. O número total de altas dende a creación do Servizo de Atención e Asesoramento Xurídico dende o 01/10/2016 é de 146 mulleres e 5 homes. Dos 5 homes atendidos, 3 son por derivación de Educadora Familiar, por problemática relacionada con garda e custodia de fillos/as menores. 2 acoden por si mesmos, sen conflito asociado a Dereito de Familia pero con fillos/as menores e en situación familiar de dificultade económica e laboral, por coñecer a existencia de servizo xurídico. Foron atendidas 29 mulleres coordinadamente co SEAF e 3 homes.</p> <p>A meirande parte das usuarias atendidas son por derivación das TS ou SEAF, se ben tamén existen derivacións directas da Guardia Civil. Obsérvase que hai mulleres que demandan directamente o servizo, sen derivación previa de organismo/departamento.</p> <p>Nº de horas do Servizo no ano 2017: De 01/02/2017 a 31/12/2017: 4 horas/semana. De 01/01/2018 a 28/02/2018: 4 hs/semana. Do 01/03/2018 a 21/12/2018: 8hs./semana. No ano 2019: 8 horas/semana. Ano 2020: 8 horas/semana.</p>

	<p>No ano 2020, o número de demandantes do Servizo foi de 72 persoas, 68 mulleres e 4 homes. Das demandantes do Servizo, 47 son altas novas (44 mulleres e 3 homes) e 25 son usuarias de anos anteriores (24 mulleres e 1 home). A maioría das usuarias sitúanse na franxa de idade entre 25 e 54 anos (57) que representan o 79%, seguido de 8 maiores de 54 anos que constitúen o 11%, 2 maiores de 25 anos que son o 2% e 5 menores de idade que representan o 7%.</p> <p>O número de consultas rexistradas realizadas neste ano no Servizo foron 167. Non obstante, salienta que un número importante de consultas telefónicas son realizadas fora dos días de atención xurídica (mércores) e polo tanto non son rexistradas, polo tanto, o número total de consultas realizadas son 190 aproximadamente. A casuística maioritaria das consultas do ano 2020 foi: Violencia de xénero: 31 mulleres; Dereito de familia: 45 persoas; Solicitude de xustiza gratuita: 21; outras casuísticas como incapacitación: 4; estranxeiría/nacionalidade:6; Dereito laboral:6 e herdanza e sucesións: 4 persoas. (Estas características non son excluíntes).</p> <p>Salienta que das 31 mulleres vítimas de violencia de xénero: 24 mulleres teñen fillas ou fillos menores; 10 tiveron ou teñen Orde de Protección; 5 Son beneficiarias recentes da Axuda Económica Específica para Vítimas de Violencia de Xénero (tramitadas polo Servizo); 2 mulleres son beneficiarias recentes do Bono de Alugueiro para Vítimas de Violencia de Xénero (tramitadas polo Servizo); 1 está con dispositivo electrónico de seguridade por Resolución Xudicial; e 1 está dada de alta en ATEMPO.</p> <p>As derivacións realizadas polo Servizo ao longo do ano 2020 foron as seguintes: Programa de Atención á vítimas da Xunta de Galicia: 4. Atención Psicolóxica CIM A Guarda: 7. Atención Psicolóxica CIM Porriño: 1. CIM Gondomar para ATEMPRO: 1</p> <p>Realizar mención especial ás 4 mulleres usuarias menores de idade, das cales: 3 presentan problemática relacionada coa violencia sexual, e 1 presenta problemática relacionada con violencia física/psicolóxica.</p> <p>Destacar que o número de mulleres que se inclúe como vítima de Violencia de Xénero corresponde só aquelas que verbalizan algún tipo de violencia, aínda que non a identifiquen como tal e/ou non sexa denunciada.</p>
--	--

<p>3.1.2. Pular pola ampliación do Servizo de Atención e Asesoramento Xurídico en materia de igualdade e Asistencia e asesoramento a mulleres vítimas de violencia de xénero e pola creación dun Servizo de Asistencia Psicolóxica que posibilite a realización dun traballo multidisciplinar coas mulleres vítimas de violencia machista de xeito coordinado con outros Concellos da Comarca</p>	
Departamentos e axentes participantes	Alcaldía, Concellos da Comarca.
Temporalización	2018
Nivel de execución	Parcialmente executada
Proceso de execución	<p>Realízase a ampliación do Servizo de Atención e Asesoramento Xurídico en materia de igualdade e Asistencia a Mulleres vítimas de Violencia de Xénero. A partir de marzo do ano 2018 incrementase un 50% as horas deste Servizo de Atención Xurídica, pasando de 4 a 8 horas semanais de atención directa.</p> <p>Non obstante, comentar que o Servizo de asistencia Psicolóxica que posibilite un traballo disciplinar coas mulleres vítimas de violencia machista en coordinación con outros concellos da Comarca, non puido ser creado, debido á falla de recursos persoais e a dificultade que implica a coordinación con outras administracións locais da comarca.</p>

3.1.3. Acercamento e difusión do Servizo de Atención e Asesoramento Xurídico e dos recursos existentes dirixidos a fomentar a igualdade de oportunidades e a prevención da violencia machista, en todas as parroquias e lugares municipais, a través dos dispositivos existentes en cada parroquia.

Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade, Concellería Servizos Sociais
Temporalización	2018-2019-2020
Nivel de execución	Executada
Proceso de execución	Para realizar a difusión do Servizo de Atención e Asesoramento Xurídico elaboráronse folletos informativos que foron distribuídos desde os locais e servizos máis concorridos das parroquias e lugares da localidade.

3.1.4. Potenciación dunha estrutura estable na Oficina de Igualdade que permita implantar, executar e coordinar de xeito sistemático as políticas de igualdade e de prevención da violencia machista.

Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade, Concellería Servizos Sociais
Temporalización	2018-2019-2020
Nivel de execución	Non executada

Obxectivo 3.2. Fomentar a sensibilización social da cidadanía de Tomiño en xeral, e a colectivos específicos en particular, sobre o rexeitamento das violencias machistas.

ACCIÓN

3.2.1. Realización de actividades de sensibilización que incremente a percepción social, especialmente entre a poboación máis nova, das diferentes formas de violencia machista e, en particular sobre as máis sutís e menos visibles (microviolencias).

Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade, OMIX
Temporalización	2018-2019-2020
Nivel de execución	Executada
Proceso de execución	<p>Obradoiros “Construíndo Igualdade. Previndo a Violencia de Xénero” dirixidos ao alumnado de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria. Data: do mes de abril a maio de 2018.</p> <p>“Anatomía dunha serea”, obra de teatro baseada na experiencia persoal da actriz Iria Piñeiro fala da violencia obstétrica, sobre as condicións que rodean á sala de partos dun hospital, da falta de respecto pola intimidade nas contornas sanitarias e de certos tabús que persisten na sociedade. Data: 02/11/2019. Lugar: Auditorio de Goián.</p> <p>Organización de talleres sobre prevención da violencia de xénero que ían ser</p>

	<p>impartidos por Ianire Estebáñez, psicoterapeuta e psicóloga vasca especializada en prevención da violencia na adolescencia, agresións sexuais, relacións e uso das redes sociais pola xente nova, foron suspendidos por motivos de saúde desta profesional. Estaban programadas varias charlas dirixidas a alumnado, profesorado e nais e pais do alumnado do IES Antón Alonso Ríos. Data: novembro 2020.</p> <p>“Invisibles”, de Redrum Teatro, obra realizada con historias reais de sete mulleres galegas vítimas de maltrato por parte da súas parellas. Historias reais protagonizadas por mulleres galegas, historias sobre malos tratos, algunhas delas xa coñecidas polo público pola súa repercusión mediática. A pretensión fundamental é concienciar e sensibilizar con esta secuela que invade a sociedade. Data: 24/11/2019 ás 18horas. Lugar: Auditorio de Goián.</p> <p>A exposición artística “Rompe. Xoga en Igualdade” da Deputación de Pontevedra, realizada para concienciar sobre a necesidade de rachar coa violencia machista. A mostra, ten por obxectivo denunciar a discriminación e a desigualdade que sofren as mulleres a través de escenas representadas por bonecas “Barbie” intervidas. Esta exposición de poesía visual, elaborada polas artistas Isabel Blanco e Irene Silva, ten como fin cambiar o mundo e golpear as consciencias. Trátase dunha mostra itinerante que conta con 18 paneis que amosan ás famosas bonecas “Barbie” intervidas para denunciar de forma impactante e rompedora a desigualdade entre homes e mulleres, e que se completa coas fotografías de Noemí Chantada. Data: 04 ao 20 de decembro. Lugar: Mercado de Tomiño.</p> <p>Charla-coloquio Webinar”A cuarta ola feminista: violencia sexual vs educación igualitaria”, impartida por Rosa Cobo Bedía. A autora realiza un percorrido pola historia do feminismo ata chegar á gran vindicación da chamada “cuarta ola”; falando da violencia sexual como mecanismo de control que impide ás mulleres a apropiación igualitaria do espazo público e acadar a súa autonomía e liberdade. Actividade financiada con cargo aos créditos recibidos do Ministerio de Igualdad, Secretaría de Estado de Igualdad y contra la Violencia de Género. Data: 20/11/2020 ás 18:00 horas. Participan 40 persoas.</p>
--	---

3.2.2. Organización de actividades de sensibilización e formación dirixidas á Comunidade Educativa que proporcionen ferramentas para poder detectar a violencia machista e pautas de como intervir correctamente ante ela.	
Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade, Comunidade Educativa
Temporalización	2018-2019-2020
Nivel de execución	Executada
Proceso de execución	<p>O Programa formativo en Violencia de xénero, dirixido a profesorado. A estrutura da formación foi organizada nunha sesión de traballo por cada grupo. A actividade “Que é ser home/muller?”; actividade con material LEGO®Education, na que as persoas asistentes responden á pregunta, con posterior exposición das construcións realizadas ás e os compañeiros de debate.</p> <p>Charla- coloquio: Exposición dos contidos teóricos: Definición de Violencia de xénero. Tipos de violencias; Mitos da Violencia de Xénero; A escala cíclica da violencia; O ciclo da violencia.; Indefensión aprendida; Mitos do Amor Romántico; Modelo de Elección-Atracción. Roles de masculinidade tradicional; A tripla negación; Marcadores da virilidade; Indicadores no agresor; Indicadores na vítima; Consecuencias da historia de Violencia de Xénero.; Indicadores na familia; Existe un perfil de vítima? E de agresor?; Suxestións para intervir coa vítima; Suxestións para intervir co agresor; Suxestións para intervir coa familia; Dificultades na detección.</p> <p>O Programa desenvolveuse, a través dunha metodoloxía activa e participativa desde unha perspectiva de xénero, organizada en pequenos grupos de traballo,</p>

	<p>polo que a interacción entre as persoas formadas e as formadoras foi constante. A persoas formadoras eran expertas en cada ámbito de intervención, tanto na aplicación da perspectiva de xénero como no traballo directo con vítimas de violencias machistas. O Programa desenvolveuse en catro centros educativos: IES Alonso Ríos, ao que asistiron 17 profesionais (15 mulleres e 2 homes). CEIP Barrantes que se realizou conxuntamente co CEIP Pintor Antonio Fernández, ao que asistiron 10 profesionais, 8 mulleres e 2 homes. CEIP Sobrada, ao que asistiron 2 profesionais (mulleres). Centro Rural Agrupado, ao que asistiron 23 profesionais (21 mulleres e 2 homes). Data desenvolvemento dos talleres: 11/04/2019. Os talleres desenvóléronse nas seguintes datas: IES Antón Alonso Ríos: 11 de abril de 2019. CEIP Sobrada (conxunto con CEIP Plurilingüe de Tebra): 27 de maio de 2019. CRA Mestre Manuel Garcés: 28 de maio de 2019. CEIP Barrantes (conxuntamente con CEIP Pintor Antonio Fernández): 29 de maio de 2019. Financiado con fondos do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero para os concellos</p> <p>Nos centros de Educación Infantil e Primaria leváronse a cabo charlas dirixidas ao profesorado do obxectivo de dotalo de ferramentas na detección e abordaxe en casos de violencia de xénero. As charlas foron impartidas por profesionais con experiencia en xénero. Nelas foron abordados os seguintes contidos: Prevención. As lentes violetas; Definición da Violencia de Xénero. Tipos de violencias; Mitos da Violencia de Xénero; O ciclo da violencia; Indefensión aprendida; Mitos do Amor Romántico: O modelo de Elección-Atracción.; Roles da masculinidade tradicional. A tripla negación. Marcadores da virilidade; Consecuencias da historia da Violencia de Xénero nas nais vítimas; Consecuencias no rol de cuidadora da nai; A transmisión transxeracional da violencia; Mitos da Violencia de Xénero en relación á infancia; Roles que asumen nenos e nenas na dinámica familiar ante as situacións de Violencia de Xénero; Consecuencias da Violencia de Xénero en nenos e nenas; Indicadores da Violencia de Xénero na familia; indicadores de Violencia de Xénero en nenos e nenas; Barreiras que dificultan a intervención; Suxestións para intervir con nenos e nenas; Suxestións para intervir coa nai vítima de Violencia de Xénero; Nai vítima de Violencia de Xénero; Suxestións para intervir co pai agresor.</p> <p>Datas: CEIP Sobrada (conxunto con CEIP Plurilingüe de Tebra): 27/05/2019. CRA Mestre Manuel Garcés: 28/05/2019. CEIP Barrantes (conxuntamente con CEIP Pintor Antonio Fernández): 29/05/2019. CEIP Barrantes, realizado conxuntamente con CEIP Pintor Antonio Fernández, asistiron 10 profesionais, 8 mulleres e 2 homes). CEIP Sobrada, ao que asistiron 2 profesionais (ambas mulleres). Centro Rural Agrupado, ao que asistiron 23 profesionais (21 mulleres e 2 homes). Actividade organizada pola Oficina de Igualdade e financiada con fondos do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero para os concellos.</p> <p>Obradoiro formativo: “Prevención da Violencia de Xénero na adolescencia: Pautas para a detección e abordaxe”, dirixido ás ANPAS. Contidos: A educación en valores de igualdade e respecto, con especial incidencia na ciberviolencia, a violencia sexual e as novas tecnoloxías e a Prevención da violencia sexual dixital. Data: 09/05/2020 de 19:00h a 21:00h. Lugar: Salón de Plenos do Concello. Esta actividade forma parte das que se están organizando dende o Concello dirixidas á comunidade educativa e con cargo aos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.</p>
--	---

3.2.3. Continuación coa conmemoración do 25 de novembro como “Día Internacional contra a Violencia de Xénero” con actividades de visibilización e denuncia.	
Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade, Poboación xeral
Temporalización	2018-2019-2020
Nivel de execución	Executada
Proceso de execución	Para conmemorar o 25N do ano 2017, o Concello Tomiño adhirose á campaña de

sensibilización '**En negro contra as violencias**', unha iniciativa que co gallo do 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as mulleres, tinguirá de loito a localidade para visibilizar e denunciar o máximo expoñente da desigualdade que sofren as mulleres: a violencia de xénero. Lévanse a cabo as seguintes actividades:

Lectura dun manifesto no Salón de Plenos do Concello, que por primeira vez será único para todos os concellos participantes na iniciativa. Data: 25/12/2017 ás 12:00 horas. Lugar: Praza do Seixo.

Realización dunha sesión de **Contacontos pola igualdade** no Mercado Municipal Data: 25/11/2017 ás 19:00 h.

Espectáculo **Obradoiro 'Contamos todas'** desenvolta pola Tropa de trapo dirixida ao alumnado do IES Antón Alonso Ríos. Data: 28/11/2017. Actividade realizada co apoio da Deputación de Pontevedra.

Para conmemorar o 25N do ano 2018, o Concello de Tomiño súmase por segundo ano consecutivo, á campaña "**En Negro contra as violencias machistas**". No protocolo asinado recóllense como obxectivos da campaña: "Fomentar unha acción de sensibilización cidadá contra as violencias machistas no ámbito municipal a través da coordinación entre concellos moi diversos e de diferentes cores políticas, implicando ao tecido económico, asociativo, educativo, deportivo, social e cultural, así como a toda a cidadanía, nunha resposta colectiva de rexeitamento da violencia de xénero e dos asasinatos machistas".

Dende a Oficina Municipal de Igualdade, fóronse perfilando distintas accións da campaña deste ano, contactando individualmente con establecementos da vila, repartindo material por espazos privados e públicos, co obxectivo de lograr a maior implicación por parte de toda a cidadanía.

Realízase unha **Concentración** na Praza do Seixo e a **Lectura dun manifesto**. Solicítase á cidadanía acudir vestida de negro co fin de conmemorar o Día Mundial contra a Violencia de Xénero. Este ano compre destacar, coma o anterior, a participación de **Voces Novas, o Consello da Infancia e Adolescencia de Tomiño**. Data: 25/11/2018.

Os talleres sobre prevención da violencia de xénero que ían ser impartidos por Ianire Estebáñez, psicoterapeuta e psicóloga vasca especializada en prevención da violencia na adolescencia, agresións sexuais, relacións e uso das redes sociais pola xente nova, foron suspendidos por motivos de saúde desta profesional. Estaban programadas varias charlas dirixidas a alumnado, profesorado e nais e pais do alumnado do IES Antón Alonso Ríos.

Exposición de "Rexas. Mulleres baixo o terror franquista" instalada no Mercado de Tomiño. Mostra organizada pola Deputación de Pontevedra que ten como obxectivo reparar ás vítimas do Alzamento do 1936, e poñerlle rostro e nome a 172 pontevedresas que foron perseguidas, asasinadas, encarceradas e que, por mor da súa condición de mulleres, foron obxecto de vexacións de corte sexista. A exposición conta as historias de 172 mulleres a través de 78 fotografías. Inclúe unha ducia de mulleres da comarca do Baixo Miño vítimas desta barbarie. Durante a presentación da exposición, o deputado de Cultura e Lingua, Xosé Leal, explicou que "recuperar as historias das mulleres represaliadas é un acto de xustiza para o colectivo habitualmente menos lembrado" e asegurou "que a violencia exercida sobre as mulleres durante o fascismo foi en realidade a violencia de xénero máis extrema". A alcaldesa de Tomiño, Sandra González, centrouse na importancia de dar a coñecer este tipo de historias, nun percorrido e nun formato accesible para todo tipo de públicos, e nun espazo polo que transitan habitualmente un bo número de persoas. Pola súa parte, a comisaria da exposición, Montse Fajardo centrouse en explicar que as mulleres foron asasinadas, exiliadas, depuradas, vexadas, e foron vítimas das mesmas tipoloxías de represión que os homes pero que ademais sufriron unha violencia con claras tinguídas sexistas e foron rapadas, tatuadas e agredidas sexualmente. Data: 25/11/2018. Lugar: Mercado de Tomiño.

Representación da obra teatral "**Elisa e Marcela**" da compañía A Panadaría. A obra céntrase na historia de Elisa Sánchez Loriga e Marcela Gracia Ibeas, dúas mestras, que se casaron pola Igrexa en A Coruña no ano 1901. Para logralo, unha

delas tivo que adoptar unha identidade masculina. A unión matrimonial, homosexual, foi a primeira do Estado Español, realizándose cen anos antes de que a lei permitira o casamento entre persoas do mesmo sexo. Data: 27/11/2018. Lugar: Auditorio de Goián ás 18:00h.

No ano 2019, o Concello de Tomiño súmase novamente á campaña **“En negro contra as Violencias”**, en conmemoración do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero. Para elo, desde o concello, animase ao sector do comercio e a todos os axentes sociais e empresariais do municipio, a implicarse nesta acción colectiva, tinguindo de loito o concello, en sinal de dor por todas as mulleres que sofren violencia e como resposta á máis dura das súas consecuencias: a morte. Entre o día 18 e o 25 de novembro, viste a túa tenda, comercio, empresa, bar, posto do mercado, asociación etc. de negro”, é a petición da Oficina Municipal de Igualdade de Tomiño.

Realízase a **Lectura dun manifesto** coa intervención e **actuación musical do alumnado** de 1º Bacharelato do IES Antón Alonso Ríos. Data: 02/11/2019 ás 12:00h. Lugar: Mercado Municipal (1º andar).

Representación das seguintes obras de teatro dirixidas ao público infantil e adulto. **“Baila, Roque, Baila”**, espectáculo de contos e teatro dinámico e participativo para toda a familia (recomendada para nenos e nenas a partir de 1 ano), da compañía Baobab Teatro. Data: 23/11/2019 ás 17:00h. Lugar: Mercado Municipal.

“Anatomía dunha serea”, fala da violencia obstétrica, sobre as condicións que rodean á sala de partos dun hospital, dá falta de respecto pola intimidade nas contornas sanitarias e de certos tabús que persisten na sociedade. Iria Pinheiro é a primeira actriz galega en realizar unha denuncia por acoso sexual no traballo e tamén a primeira en levar o tema da violencia obstétrica a un escenario. Data: 02/11/2019. Lugar: Auditorio de Goián.

“Invisibles”, de Redrum Teatro, obra montada con historias reais de sete mulleres galegas vítimas de maltrato por parte da súa parella. Historias reais protagonizadas por mulleres galegas, historias sobre malos tratos, algunhas delas xa coñecidas polo público pola súa repercusión mediática. A pretensión fundamental é concienciar e sensibilizar con esta secuela que invade a sociedade. Data: 24/11/2019 ás 18 horas. Lugar: Auditorio de Goián.

“Nómades” da compañía Talope Tulú, é un espectáculo de carácter visual dirixido a todos os públicos, onde o movemento, a escenografía e a luz se relacionan entre si constantemente, sendo en ocasións difícil de definir onde comeza e remata cada un dos elementos que conforman a proposta. Data: 17/11/2019.

Concerto da Agrupación Musical de Goián, no día de Santa Icaía (patroa dos músicos). Data: 23/11/2020 as 2:00 horas. Lugar: Auditorio Municipal.

A programación do ano 2020 inclúe, un ano máis, a **“Campaña Tomiño en Negro”**, dende o 23 ao 29 de novembro e a través da cal o Concello anima ao comercio local, tecido asociativo, organizacións, etc. a sumarse vestindo de negro os escaparates e espazos e coa utilización do material de campaña que será distribuído. As fotografías e iniciativas co material de campaña poden ser subidas ás redes sociais mediante a utilización dos hashtag **#ENNEGRO**, **#CONTRAASVIOLENCIAS**, **#NONESTÁSSOA**, **#QUERÉMONOSVIVAS...** calquera deles acompañados de **#TOMIÑOENNEGRO**.

A exposición artística **“Rompe. Xoga en Igualdade”** da Deputación de Pontevedra, elaborada polas artistas Isabel Blanco e Irene Silva, ten como fin cambiar o mundo e golpear as consciencias. Trátase dunha mostra itinerante que conta con 18 paneis que amosan ás famosas bonecas “Barbie” intervidas para denunciar de forma impactante e rompedora a desigualdade entre homes e mulleres, e que se completa coas fotografías de Noemí Chantada. Data: 4 ao 20 de decembro. Lugar: Mercado de Tomiño (1º andar).

Charla-coloquio Webinar "A cuarta ola feminista: violencia sexual vs educación igualitaria", impartida por Rosa Cobo Bedía. A autora realiza un percorrido pola historia do feminismo ata chegar á gran vindicación da chamada "cuarta ola"; falando da violencia sexual como mecanismo de control que impide ás mulleres a apropiación igualitaria do espazo público e acadar a súa autonomía e liberdade. Actividade financiada con cargo aos créditos recibidos do Ministerio de Igualdad, Secretaría de Estado de Igualdad y contra la Violencia de Género. Data: 20/11/2020 ás 18:00 horas. Participan 40 persoas.

Representación teatral-conferencia da obra "**Sofía**". A obra fala sobre a estrutura da violencia de xénero. Trátase dunha peza curta e unipersoal, próxima á conferencia, pensada para que despois se abra un debate co público asistente. A actriz, no escenario, acompañada da súa propia máscara, fai unha chamada en torno á necesidade de buscar un novo xeito de reflexionar ante a problemática da violencia machista. Data: 21/11/2020 ás 19:00h. Lugar: Mercado de Tomiño.

"A casa do terror" con Xoán Curiel e a banda do verán. Un musical cheo de ROCK e de terror que se leva a cabo entre cancións, danzas, teatro, clown e participación do público. A perspectiva de terror, non mete medo, é moi divertida. Lévese a cabo a través de personaxes como as pulgas zombis, o lobo lover, os ratatiburóns,...os gativampiros, o monstro da lavadora, e moitas máis!. Data: 22/11/2020. Lugar: Auditorio de Goián ás 17:30 h.

Representación teatral da obra '**Bernarda**'. Peza teatral que recibiu catro galardóns nos Premios Maria Casares. Bernarda é unha historia próxima, comprensible e universal. O choque entre nais/pais e fillos/fillas é unha constante universal, e dependendo de que lado esteamos, vemos a realidade diferente. Cando somos fillos/as queremos romper coas normas que nos impoñen e cando nos convertemos en pais/nais vémonos na obriga de impoñer normas. Data: 28/11/2020 ás 20:00h. Lugar: Auditorio de Goián.

Levando a voz da infancia ao Parlamento de Galicia, nenos e nenas de Tomiño tiveron a oportunidade de levar a súa voz ao Parlamento Galego. Participaron xunto con representantes de Consellos da Infancia e Adolescencia de toda Galicia no Foro de Participación Infantil e Adolescente, que se celebrou vía online por causa do Covid-19. As nenas e nenos quixeron transmitir as súas preocupacións e inquedanzas sobre os retos que cómpre superar nos vindeiros anos, pondo o foco en asuntos como a necesidade de coidar o medio ambiente e levar a cabo accións contra o clima, o acceso a unha enerxía non contaminante ou o fomento do emprego de calidade.

Levando a voz de Tomiño estivo Xoel, que falou sobre a necesidade de traballar pola igualdade de xénero, acabando coa discriminación cara as mulleres e fomentando o debate para atopar solucións, algo para o que considerou intrinsecamente necesario apostar por unha educación pública e de calidade.

Lectura do manifesto institucional, no que participa a cidadanía e representantes de todos os grupos políticos con representación municipal. O manifesto foi común. Data: 25/11/2020. Lugar: Praza do Seixo.

"Namórate de Ti" Proxecto fotográfico que ten como eixo central mellorar a autoestima, a valoración e a aceptación persoal. Autoestima e empoderamento a través da fotografía" promovido polo Concello de Tomiño e Eu Rural, que apostou na imaxe como a ferramenta para expresar e traballar estes conceptos co fin de mellorar a calidade de vida das participantes. Esta mostra fotográfica é a cristalización do proxecto desenvolvido no Centro Goianés o pasado ano e que acadou un enorme éxito. Nel participaron mulleres de todas as idades, traballando cuestións como o empoderamento feminino, o autoconcepto ou a desinhibición entre outros. As participantes foron guiadas durante varias xornadas por dúas orientadoras, traballando a xestión do estrés e o amor propio a través da expresión corporal e verbal con dinámicas de grupo.

En relación á mostra, o día 3 de outubro estiveron presentes no lugar as autoras

	<p>das fotos para gravar un documental realizado por Eu Rural no que se recollen as súas experiencias no proxecto. Data: outubro de 2020. Lugar: Mercado de Tomiño.</p> <p>Sesión online de ioga e meditación para a reactivación, autoconhecimento e autoestima. Data: 26/11/2020 ás 17:00 horas.</p> <p>Peza audiovisual do Consello da infancia e a Adolescencia contra a Violencia de xénero. Data: 20/11/2020.</p> <p>Obradoiro formativo dirixido a ANPAS sobre prevención da Violencia de Xénero. Data: 09/05/2020 de 19:00h a 21:00h. Lugar: Salón de Plenos.</p>
--	--

3.2.4. Colaboración na realización de charlas informativas impartidas pola Guardia Civil dirixidas a sensibilizar ao alumnado sobre a utilización responsable das redes sociais, proporcionando pautas sobre como previr o acoso nas redes, o sexting...etc.	
Departamentos e axentes participantes	Guarda Civil, Centros educativos, Oficina de Igualdade
Temporalización	2018-2019-2020
Nivel de execución	Non executada

3.2.5. Elaboración e establecemento de criterios de selección onde se priorice ás mulleres vítimas de violencia machista, nos Programas de Formación para o Emprego que se desenvolvan	
Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade, Concellería de, Servizos Sociais
Temporalización	2018
Nivel de execución	Executada
Proceso de execución	Salientar que nos programas de formación para o emprego que se desenvolven neste Concello establécense criterios de selección que da prioridade ás mulleres vítimas de violencia machista

3.2.6. Pulo á Mesa Interinstitucional contra a Violencia de Xénero como instrumento operativo local para favorecer a coordinación de todos os organismos e departamentos implicados na loita contra a violencia de xénero, para que cumpra coa periodicidade establecida, e no seu caso, a progresiva invitación a novos colectivos profesionais implicados directa ou indirectamente na atención e apoio en situacións de violencia de xénero.	
Departamentos e axentes participantes	Oficina de Igualdade, Colectivos profesionais implicados na loita contra a violencia de xénero.
Temporalización	2018-2019-2020
Nivel de execución	Executada
Proceso de execución	Reunión da Mesa Violencia de Xénero: 23/02/2018. Apróbase a <i>Proposta para a elaboración do Protocolo de Coordinación e Cooperación contra a Violencia de Xénero</i> do Concello de Tomiño. Na actualidade está paralizada por mor do COVID-19, pendente de presentar a aprobación do Protocolo.

Ademais das accións descritas, salientar que nesta área estratéxica leváronse a cabo accións formativas dirixidas á concienciación e sensibilización de profesionais de diversos ámbitos sociais. O **“Taller específico sobre Violencia de Xénero dirixido a profesionais do Ámbito Social”** dirixido ao persoal do Departamento de Benestar Social do Concello coa finalidade de capacitar ás técnicas de acordo cos protocolos de actuación ante vítimas de violencia de xénero. Esta actividade tiña como obxectivos específicos: facilitar a adecuación das intervencións profesionais aos principios básicos de actuación ante vítimas de violencia de xénero, dende unha metodoloxía teórico-práctica. Para elo, proporcionouse ás participantes un marco teórico e normativo en relación á violencia de xénero, vencellando as experiencias profesionais das participantes aos conceptos básicos sobre violencia de xénero. Participaron 5 profesionais do ámbito social: 1 Técnica de Emprego, 2 Traballadoras Sociais, 1 Educadora Social e 1 Administrativa do departamento de Benestar Social. Data: días 2, 3 e 9 de xullo de 2020, de 8:30 a 11:00 horas. Avaliación: As puntuacións realizadas polas participantes superan a 4 sobre 5, dato que indica que valoraron o taller entre moi satisfactoriamente e satisfactoriamente aspectos como información transmitidas, horario, duración, e metodoloxía. Actividade organizada pola Oficina de Igualdade e financiada con cargo aos créditos recibidos do “Ministerio de Igualdad, Secretaría General de Igualdad y contra la Violencia de Género”.

As **I Xornadas de formación en LGTBIfobia nos corpos e forzas de seguridade** tiñan como obxectivo proporcionar ás forzas e corpos de seguridade, información e formación necesaria e facilitar ferramentas para poder intervir coas vítimas de agresións por LGTBIfobia. Trátase de realizar un achegamento entre as persoas vítimas dunha agresión por LGTBIfobia e os corpos de seguridade, así coma a formación para recoller os datos necesarios para que a fiscalía poida actuar, e rachar cos estereotipos e medos das persoas que sofren este tipo de agresións, á hora de ir a unha comisaría. Contido das xornadas: delitos de odio e discriminación, policía e diversidade; método de traballo e boas prácticas policiais, e suposto práctico. Data: 22, 23 e 24 de setembro de 2020. Lugar: concellos de Tomiño, O Rosal e A Guarda. O día 22, ás 10:30h realízase a inauguración no Auditorio de Goián, seguida da primeira sesión formativa. O día 23, ás 11 da mañá impártese a 2º sesión, no Centro Polivalente de O Rosal, e o día 24, ás 10:30h levase a cabo a última xornada formativa, seguida (ás 18:30h) dunha xornada de portas abertas, e da entrega de diplomas e peche. Organizadas pola Asociación Trans Miño-LGTBIQ+, coa colaboración dos concellos de Tomiño, O Rosal e A Guarda.

O **“Obradoiro de formación sobre violencia machista”** dirixido á Policía Local e a Protección Civil de Tomiño co obxectivo de proporcionar aos axentes destes colectivos as ferramentas teórico-prácticas para enfrontarse aos casos de violencia de xénero que se produzan no municipio. Datas: 15 de setembro de 2020 en horario de 09:00 a 11:30 horas e o 16 de setembro de 2020 de 16:00 a 19:30 horas. Lugar: Salón de Plenos.

Esta actividade foi organizada pola Oficina Municipal de Igualdade e estivo financiada con cargo aos créditos recibidos do Ministerio de Igualdad, Secretaría de Estado de Igualdad y contra la Violencia de Género.

Táboa: nivel de execución do Área Estratéxica de Eliminación da Violencia Machista.

Accións	Executada	Parcialmente executada	Non executada
3.1.1. Mantemento do Servizo de Atención e Asesoramento Xurídico en materia de igualdade e Asistencia e asesoramento a mulleres vítimas de violencia de xénero.			
3.1.2. Pular pola ampliación do Servizo de Atención e Asesoramento Xurídico en materia de igualdade e Asistencia e asesoramento a mulleres vítimas de violencia de xénero e pola creación dun Servizo de Asistencia Psicolóxica que posibilite a realización dun traballo multidisciplinar coas mulleres vítimas de violencia machista de xeito coordinado con outros Concellos da Comarca			
3.1.3. Acercamento e difusión do Servizo de Atención e Asesoramento Xurídico e dos recursos existentes dirixidos a fomentar a igualdade de oportunidades e a prevención da violencia machista, en todas as parroquias e lugares municipais, a través dos dispositivos existentes en cada parroquia.			
3.1.4. Potenciación dunha estrutura estable na Oficina de Igualdade que permita implantar, executar e coordinar de xeito sistemático as políticas de igualdade e de prevención da violencia machista.			
3.2.1. Realización de actividades de sensibilización que incremente a percepción social, especialmente entre a poboación máis nova, das diferentes formas de violencia machista e, en particular sobre as máis sutís e menos visibles (microviolencias).			
3.2.2. Organización de actividades de sensibilización e formación dirixidas á Comunidade Educativa que proporcionen ferramentas para poder detectar a violencia machista e pautas de como intervir correctamente ante ela.			
3.2.3. Continuación coa conmemoración do 25 de novembro como “Día Internacional contra a Violencia de Xénero” con actividades de visibilización e denuncia.			
3.2.4. Colaboración na realización de charlas informativas impartidas pola Guardia Civil dirixidas a sensibilizar ao alumnado sobre a utilización responsable das redes sociais, proporcionando pautas sobre como previr o acoso nas redes, o sexting...etc.			
3.2.5. Elaboración e establecemento de criterios de selección onde se priorice ás mulleres vítimas de violencia machista, nos Programas de Formación para o Emprego que se desenvolvan.			
3.2.6. Pulo á Mesa Interinstitucional contra a Violencia de Xénero como instrumento operativo local para favorecer a coordinación de todos os organismos e departamentos implicados na loita contra a violencia de xénero, para que cumpra coa periodicidade establecida, e no seu caso, a progresiva invitación a novos colectivos profesionais implicados directa ou indirectamente na atención e apoio en situacións de violencia de xénero.			


Como podemos observar na táboa anterior relativa á área de Eliminación da Violencia Machista amosa un alto nivel de execución.

Das 10 accións establecidas no Plan para o desenvolvemento desta área, 7 foron executadas, 1 parcialmente executada e 2 non executadas.

Da análise realizada anteriormente despréndese como causas da non execución destas accións, fundamentalmente, a falla de recursos económicos do Concello para poder dotar á Oficina de Igualdade de persoal técnico especializado que execute e coordine as políticas de igualdade e de prevención da violencia de xénero. Salientar que aínda que non houbo colaboración coa Guardia Civil na realización das charlas dirixidas ao alumnado sobre a utilización responsable das redes, si existiu colaboración continuada con este Corpo respecto da atención ás vítimas de violencia de xénero.

Co obxectivo de visibilizar o nivel de execución desta área, a continuación amosamos a seguinte gráfica.

Gráfico Nivel de execución da Área de Eliminación da Violencia Machista



A área de Eliminación da Violencia Machista amosa unha execución total do 70%, o que nos indica que 7 de cada 10 accións foron executadas e un 10% parcialmente executadas, mentres que as accións non executadas representan o 20%.

3.2. AVALIACIÓN DE RESULTADOS

Neste apartado realízase unha avaliación de resultados do Plan de Igualdade a partir da avaliación das accións e do grao de consecución dos obxectivos. Efectúase unha valoración do grao de cumprimento dos obxectivos en función da análise dos datos extraídos da información proporcionada relativa ás diversas accións. Salientar que esta análise implica dous aspectos importantes, en primeiro lugar, indícase o nivel de resultados acadado polos obxectivos de cada unha das áreas estratéxicas, no caso do segundo revélase a súa vinculación co desenvolvemento das accións.

Cabe resaltar que a realización desta valoración, de tipo cuantitativa, recóllese nunha táboa que amosa o traballo realizado para cada un dos obxectivos que compoñen as tres áreas estratéxicas de intervención. Esta información complementase cunha análise de tipo cualitativa e unha serie de gráficos explicativos sobre o nivel de cumprimento de cada un dos obxectivos establecidos en cada área de intervención.

Polo tanto, a avaliación de resultados permite extraer información e analizar o cumprimento dos obxectivos específicos establecidos no plan, amosando a súa eficacia, e eficiencia para obter conclusións que permitan retroalimentar a xestión do Plan e, ao mesmo tempo, identificar, planificar e xestionar outros programas e proxectos. A través desta avaliación pódese identificar a efectividade e eficiencia do plan e extraer conclusións e recomendacións para futuras políticas de igualdade. Co obxectivo de facilitar a lectura deste epígrafe, os diferentes niveis de cumprimentación estarán determinados segundo a seguinte clasificación:

Cumprimentada: o nivel de cumprimentación é total.

Parcialmente cumprimentada: o nivel de cumprimentación realízase só en parte.

Non cumprimentada: o nivel de cumprimento é nulo.

3.2.1. Área Estratéxica de Sensibilización e Participación en Igualdade de Oportunidades

A Area Estratéxica de Sensibilización e Participación en Igualdade de Oportunidades estrutúrase nun obxectivo xeral operativizado en 4 obxectivos específicos.

Para cada un dos obxectivos específicos deseñáronse diversas accións coa finalidade de acadar estes e a través dos mesmos dar cumprimento ao obxectivo xeral.

A continuación amosamos, na seguinte táboa, o grao de cumprimento de cada obxectivo específico.

Cómpre lembrar que o cumprimento de cada un destes obxectivos atópase vencellado ao grao de execución das accións definidas para dar cobertura aos obxectivos¹

OBXECTIVO XERAL -1-	
Fomentar un cambio de valores e modelos de socialización que permita eliminar as desigualdades existentes e unha participación social que garanta a igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes.	
Obxectivos Específicos	
1.1. Desenvolver un sistema de difusión do 3º Plan de Igualdade de Oportunidades de mulleres e homes que facilite a comunicación entre a Oficina de Igualdade e os e as axentes sociais e comunitarias implicadas no mesmo	Parcialmente cumprimentado
1.2. Promover a sensibilización e a concienciación social de diversos colectivos profesionais e da cidadanía en xeral sobre o significado da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.	Cumprimentado

¹ Ver apartado de avaliación do procesos

1.3. Promover a progresiva incorporación da perspectiva de xénero nas actividades desenvolvidas por diferentes Departamentos municipais.	Parcialmente Cumprimentado
1.4. Apoiar o movemento asociativo de mulleres e a súa participación no tecido asociativo local.	Parcialmente Cumprimentado


Valoramos o cumprimento do obxectivo xeral relativo á modificación dos valores e patróns de socialización cara á eliminación das desigualdades e ao fomento da participación social como un obxectivo parcialmente acadado.

Por unha banda levouse a cabo a incorporación da perspectiva de xénero nas actividades desenvolvidas por diferentes Departamentos municipais. Non obstante, aínda que se cumprimentaron parcialmente, levouse a cabo a inclusión do plan no espazo web municipal, non obstante, a difusión do mesmo a través de medios telemáticos entre os departamentos municipais e axentes sociais comunitarios non se desenvolve totalmente.

O mesmo acontece co obxectivo relacionado co apoio ao movemento asociativo de mulleres e a súa participación no tecido asociativo local, que foi cumprimentado parcialmente a través da realización dunha xornada sobre asociacionismo feminino.

No seguinte gráfico, visualizamos de forma porcentual o grao de cumprimentación do obxectivo xeral da área de Sensibilización e Participación en Igualdade a través dos obxectivos específicos

Grao de cumprimento do obxectivo xeral 1 da Área de Sensibilización e Participación en Igualdade de Oportunidades



3.2.2. Área Estratéxica de Emprego e Conciliación

OBXECTIVO XERAL -2- Fomentar a participación equilibrada de mulleres e homes no eido laboral.	
Obxectivos Específicos	
2.1. Reducir os obstáculos que impiden e/ou dificultan a inserción laboral das mulleres de Tomiño.	Cumprimentado
2.2. Sensibilizar ao empresariado sobre a situación Sociolaboral das mulleres da zona.	Non cumprimentado
2.3. Potenciar a creación e ampliación de recursos e servizos que favorezan a conciliación da vida laboral, persoal e familiar de mulleres e homes	Parcialmente cumprimentado


Consideramos a valoración do cumprimento do obxectivo xeral relativo ao fomento da participación equilibrada de mulleres e homes no eido laboral como parcialmente cumprimentado.

Por unha banda, podemos afirmar que se cumprimentou totalmente no relativo ao traballo realizado para reducir os obstáculos que impiden ou dificultan a inserción laboral das mulleres da localidade introducindo o enfoque de xénero nas actividades, así como, velar pola existencia dunha formación ocupacional libre de estereotipos de xénero, desenvolvendo obradoiros dirixidos ás mulleres que se atopan en situación de especial vulnerabilidade onde se traballan as habilidades sociais e persoais. Non obstante, cumprimentase parcialmente a relativa á creación e ampliación de recursos e servizos dirixidos a favorecer a conciliación da vida laboral, familiar e persoal desenvolvendo anualmente o campamento urbano e os campamentos deportivos como actividade lúdica de ocio e tempo libre de promoción da corresponsabilidade, educación en valores e unha convivencia igualitaria; así como a través da visibilización da importancia do traballo de coidados realizado polas mulleres, proporcionándolles estratexias de afrontamento e informando dos recursos e servizos existentes.

Pola contra, no relativo á sensibilización do empresariado sobre o fomento da contratación feminina e sobre a difusión de axudas existentes para a elaboración de plans de igualdade nas empresas non se levaron a cabo actividades para cumprimentalo.

No seguinte gráfico, visualizamos de forma porcentual o grao de cumprimentación do obxectivo xeral da área de Emprego e Conciliación a través dos obxectivos específicos.

Grao de cumprimento do obxectivo xeral 2 da Área de Emprego e Conciliación



3.2.3. Área Estratéxica de Eliminación da Violencia Machista


OBXECTIVO XERAL -3- Fomentar a sensibilización social da cidadanía de Tomiño en xeral, e a colectivos específicos en particular, sobre o rexeitamento das violencias machistas	
Obxectivos Específicos	
3.1. Consolidar e mellorar a atención ás mulleres vítimas da violencia machista do municipio a través da Oficina de Igualdade.	Parcialmente cumprimentado
3.2 Fomentar a sensibilización social da cidadanía de Tomiño en xeral, e a colectivos específicos en particular, sobre o rexeitamento das violencias machistas.	Parcialmente cumprimentado

Valoramos o cumprimento do obxectivo xeral relativo ao fomento da sensibilización social sobre o rexeitamento das violencias machistas, incidindo especialmente en determinados colectivos específicos como un obxectivo parcialmente acadado.

Por unha banda, durante o período de vixencia do plan mellórase a atención ás mulleres vítimas a través da ampliación do número de horas semanais do Servizo de Atención e Asesoramento Xurídico en materia de igualdade e Asistencia e Asesoramento a mulleres vítimas de Violencia de Xénero, e realizáronse accións formativas dirixidas a fomentar a sensibilización social da poboación Tomiñesa sobre o rexeitamento das violencias machistas; Puxéronse tamén en marcha actividades de formación dirixidas á Comunidade Educativa (profesorado, alumnado e nais e pais) para detectar e previr a violencia machista; actividades de sensibilización e formación para a conmemoración anual do 25N, e organizouse a Mesa Interinstitucional contra a Violencia. Non obstante, respecto da creación dun Servizo de Asistencia Psicolóxica que posibilite a realización dun traballo multidisciplinar coas mulleres vítimas de violencia machista de xeito coordinado con outros Concellos da Comarca, non foi cumprimentada. O mesmo acontece coa potenciación dunha estrutura estable na Oficina de Igualdade.

No gráfico que a continuación expoñemos, visualizamos de forma porcentual o grao de cumprimentación do obxectivo xeral da área de Eliminación da Violencia Machista a través dos obxectivos específicos

Grado de cumprimentación do obxectivo xeral 3 da área de Eliminación da Violencia Machista



3.3. AVALIACIÓN GLOBAL DO PLAN DE IGUALDADE


Neste epígrafe achegamos os niveis de execución das accións e de cumprimento dos obxectivos a nivel xeral:

	GRAO DE EXECUCIÓN							
	Executadas		Parcialmente executadas		Non executadas		TOTAL	
	número	%	número	%	número	%	número	%
Área 1	14	61%	3	13%	5	26%	22	100%
Area 2	6	60%	-	-	4	40%	10	100%
Area 3	7	70%	1	10%	2	20%	10	100%
TOTAL PLAN	27	64%	4	10%	11	26%	42	100%

Da lectura da táboa anterior podemos inferir que existe un nivel de execución do Plan do 64%, e que o 10% foi parcialmente executado, mentres que o non executado amosa unha porcentaxe do 26%. Analizando por áreas cabe destacar que a de Eliminación da violencia Machista é a que presenta maior nivel de execución (70%), mentres que á área de Sensibilización e Participación en Igualdade e a de Emprego e Conciliación e amosan valores similares (60% e 61% respectivamente). Como podemos comprobar atopamos un nivel de execución similar no tocante á áreas, agás a de Eliminación da Violencia Machista que presenta 10 puntos máis. Polo que podemos extraer que se trata dun Plan bastante compensado e equilibrado no seu grao de execución.

As accións non executadas concéntrase na área de Emprego e Conciliación debido fundamentalmente á non execución das accións dirixidas a sensibilizar ao empresariado da zona para fomentar o emprego feminino libre de estereotipos de xénero e para dar a coñecer as axudas existentes para a elaboración de plans de igualdade nas empresas.

Gráfico: Nivel de execución do Plan de Igualdade



Na Área Estratéxica de Sensibilización e Participación en Igualdade de Oportunidades, das 22 accións establecidas para a súa execución, 13 foron executadas, que representan o 59%, 3 parcialmente executadas (14%) e 6 non executadas que constitúen o 27%. A continuación salientamos as accións executadas positivamente nesta área.

- As actividades formativas sobre xénero e igualdade de oportunidades dirixidas ao profesorado e a toda a comunidade educativa a través das que se fai especial fincapé no papel esencial que cumpren no desenvolvemento das persoas e no seu labor que como axentes de socialización teñen na transformación das desigualdades de xénero.
- A realización de actividades lúdicas (proxección de películas, concertos, exposicións...) que fomenten a igualdade dirixida a mozas e mozos co obxectivo de contrarrestar as mensaxes sexistas emitidas polos medios co obxectivo de contribuír á construción de relacións máis igualitarias entre a poboación adolescente.
- A conmemoración anual do 8 de Marzo Día Internacional da Muller a través do desenvolvemento durante todo o mes de marzo de diversas actividades de sensibilización e formación a prol da igualdade de oportunidades de mulleres e homes (concentración, declaración institucional, teatro, cursos de formación, concertos...).
- A inclusión de contidos de xénero e igualdade na Semana de Educación, realizada co obxectivo de visibilizar a importancia da educación na sociedade. Firme aposta do Concello de Tomiño que leva anos traballando para mellorar as capacidades e habilidades do alumnado, dun xeito integral involucrando a todos os axentes implicados e realizada co obxectivo de visibilizar a importancia da educación na sociedade.
- A realización da mesa redonda sobre as “Veciñas na ciencia” co obxectivo achegar referentes ás novas xeracións de rapazas, para que comprobem que poden atopar referentes de mulleres no ámbito científico entre mulleres da localidade.
- A homenaxe realizada ás “Madrifñas” co obxectivo de reivindicar os valores que representan as mulleres exemplares para inspirar ás futuras xeracións cara a unha sociedade máis libre, consciente, igualitaria e culta.
- A celebración das Festas Agro LGBTI como iniciativa lúdico-festiva que xorde da necesidade de visibilizar ás persoas homosexuais, bisexuais e transexuais no rural. Iniciativa que procura que Tomiño sexa un espazo de activismo transformador e no que o conxunto da comunidade participe de xeito directo.
- Salientar que a pesar de non contar cunha estrutura técnica estable na Oficina de Igualdade, existe comunicación e coordinación entre as profesionais de determinados departamentos municipais para desenvolver accións conxuntas ou en colaboración dirixidas á fomentar a igualdade e previr e eliminar a violencia de xénero.

Na área Estratéxica de Emprego e Conciliación, das 10 accións establecidas para a súa execución, 6 foron executadas (60%) e 4 non executadas (40%). Deseguido mencionamos as accións máis salientables desta área.

- O importante esforzo realizado polo Concello de Tomiño para levar a cabo anualmente o campamento urbano e os diversos campus deportivos dirixidos ás rapazas e rapaces co obxectivo de fomentar un ocio de calidade e contribuír á conciliación da vida familiar e laboral das mulleres e homes da localidade.
- A coordinación levada a cabo entre o Servizo de Igualdade Municipal e o de Orientación Laboral para a posta en marcha da acción formativa sobre “Competencias dixitais na busca de emprego e nas relacións coa administración” dirixida á inserción laboral das mulleres que se atopaban en maior situación de vulnerabilidade (víctimas violencia de xénero, monomarentais, etc) co obxectivo de potenciar a súa inserción laboral e mellorar a súa empregabilidade.
- A realización do curso de formación dirixido a coidadoras e coidadores de persoas dependentes co obxectivo de concienciar sobre a importancia de coidarse para poder coidar. A través desta acción formativa proporcionase estratexias que fomentan o autocoidado e nas que se traballa o coidado da saúde, a xestión do tempo, o manexo das emocións e a resiliencia.
- O desenvolvemento do curso “O servizo de axuda no fogar e a excelencia profesional” dirixido a persoas desempregadas, traballadoras en activo, a familiares de dependentes ou a calquera outra persoa do municipio, interesada en formarse para poder traballar no sector da atención socio-sanitaria. Curso realizado con compromiso de contratación.
- O traballo e o esforzo realizado polo Concello de Tomiño para incluír o enfoque de xénero na Orientación Laboral e nas accións de formación para o emprego coa finalidade de mellorar a inserción laboral das mulleres da localidade.
- Respecto das accións non executadas, foron as dirixidas a sensibilizar ao empresariado sobre a situación laboral das mulleres as que non foron levadas a cabo. Salientar que un dos atrancos atopados é a solicitude de perfís profesionais con sesgos sexistas e a dificultade para transmitir a importancia que ten non segregar laboralmente a mulleres e homes. Neste sentido, considérase necesario poñer en marcha accións de sensibilización para dar a coñecer entre o empresariado as medidas existentes dirixidas a fomentar o emprego e a contratación feminina para contribuír á erradicación dos estereotipos de xénero e visibilizar que o feito de introducir o criterio de igualdade de oportunidades nas decisións empresariais implica múltiples beneficios para as empresas.


Respecto da área Estratéxica de Erradicación da Violencia Machista, das 10 accións establecidas para a súa execución, 7 foron executadas, que representan o 70%, mentres que 2 non foron executadas que constitúen o 20% e 1 parcialmente executada (10%).

Entre as accións executadas para cumprimentar esta área compre salientar positivamente as seguintes:

- O mantemento do Servizo de Atención e Asesoramento Xurídico en materia de igualdade e Asistencia e asesoramento a mulleres vítimas de violencia de xénero, así como a ampliación do mesmo duplicando o número de horas semanais de atención ás vítimas.
- Os talleres específicos sobre Violencia de Xénero dirixidos a profesionais do ámbito social co obxectivo de facilitar a adecuación das intervencións profesionais aos principios básicos de actuación ante vítimas de violencia de xénero, dende unha metodoloxía teórico-práctica. Así como, o obradoiro de formación sobre violencia machista dirixido á Policía Local e a Protección Civil co obxectivo de proporcionar aos axentes destes colectivos as ferramentas teórico-prácticas para enfrontarse aos casos de violencia de xénero que se produzan no municipio.
- A través da realización de actividades de sensibilización que incrementen a percepción e visibilice as diferentes formas de violencia machista preténdese que este fenómeno non permaneza oculto, que se coñezan e entendan as súas causas e que cada persoa tome un papel activo en combatela. Algunhas das ferramentas de sensibilización realizadas encádranse en: proxección de obras de teatro, exposicións, actuacións musicais, folletos informativos, actividades formativas...etc. Outras consisten na programación anual de actividades para conmemorar o 25 de novembro.
- Destacar a importancia das accións formativas dirixidas á Comunidade Educativa realizadas co obxectivo de proporcionar ferramentas para detectar a violencia machista e pautas de como intervir correctamente ante ela. Suliñar o “Programa formativo en Violencia de xénero dirixido ao profesorado” desenvolvido a través dunha metodoloxía activa e participativa desde unha perspectiva de xénero; a formación “Prevención da Violencia de Xénero na adolescencia: Pautas para a detección e abordaxe”, dirixido ás ANPAS, co obxectivo de fomentar a educación en valores de igualdade e respecto, incidindo na ciberviolencia, a violencia sexual e as novas tecnoloxías e a Prevención da violencia sexual dixital.
- Respecto do establecemento dun Servizo de Asistencia Psicolóxica, destacar a importancia de establecer este Servizo que posibilite un traballo interdisciplinar coas mulleres vítimas de violencia machista e que teña como finalidade ofertar recursos terapéuticos a aquelas mulleres que sufran ou sufriran violencia de xénero.
- No tocante a potenciar unha estrutura estable na Oficina de Igualdade resulta fundamental dotar a este servizo de persoal técnico especializado que xestione, execute e coordine de xeito estable e sistemático as políticas de igualdade do Concello. Para a consecución dos obxectivos e a realización das accións incluídas no Plan de Igualdade é necesario contar con estruturas estables de impulso, xestión seguimento e avaliación do mesmo que faciliten a súa continuidade.

Por outra parte destacar que a execución destas accións facilitaron o cumprimento dos obxectivos e definiron en que medida foron cumprimentados. Deseguido amosamos a información gráfica sobre o cumprimento global do Plan.

Gráfico: Nivel de cumprimento dos Obxectivos



A análise do gráfico anterior revela o nivel de cumprimento dos obxectivos do 3º Plan de Igualdade, nel podemos observar un nivel de cumprimento dos obxectivos do 22% e de cumprimento parcial do 56%, dato que nos indica da existencia dun nivel de cumprimento do 78% (total ou parcial). Pola contra, comprobamos que un 22% dos obxectivos non foron cumprimentados.

Para determinar a calidade da formulación do Plan de igualdade analizamos a organizacións e/ou entidades que participaron no deseño do mesmo. O deseño do Plan foi levado a cabo a través dunha metodoloxía participativa que contou coa implicación de diversas áreas municipais (persoal técnico e político, profesorado dos centros educativos locais, ANPAS, Corpos e Forzas de Seguridade e movemento asociativo local). Todas as entidades participantes propuxeron as medidas que consideraban necesarias para acadar a igualdade no municipio.

A elaboración deste Plan foi coordinada desde a Oficina de Igualdade en colaboración coa asistencia técnica. O traballo destas dúas organizacións permitiu implicar a un gran número de entidades e de departamentos municipais que realizaron achegas que permitiron o deseño das áreas de intervención, obxectivos e medidas que cubriran as necesidades da poboación de Tomiño e permitiron avanzar no fomento da igualdade de oportunidades no municipio. Salientar que o diagnóstico sociodemográfico realizado con anterioridade ao deseño do Plan foi tamén clave para detectar e coñecer as necesidades da poboación Tomiñesa.

Unha das variables a analizar para determinar a idoneidade da formulación do Plan é a súa pertinencia, entendida como a adecuación das actuacións do Plan de Igualdade ás necesidades da poboación xeral e das mulleres en particular. Neste sentido, a elaboración do Plan de Igualdade ven determinada pola decisión política tomada co obxectivo de dar continuidade ás accións dirixidas a fomentar a igualdade de oportunidades postas en marcha a través dos anteriores Plans de Igualdade, ao tempo que se deseñaban novas accións adaptadas ás novas necesidades xurdidas no municipio e acorde cos recursos humanos e económicos cos que contaba a Corporación Local.

A posta en marcha de mecanismos de participación permitiron involucrar ás beneficiarias no Plan, permitindo o deseño de actuacións dirixidas a cubrir as necesidades destas persoas. Considerase moi positiva a actuación de consulta ao persoal técnico das áreas municipais para definir as actuacións e obxectivos do plan a través das reunións e ou entrevistas que se organizaron e nas que participaron. Todas as achegas das entidades participantes, deseñadas coa finalidade de abordar as necesidades da poboación de Tomiño en materia de igualdade foron agrupadas nas tres áreas de intervención mencionadas anteriormente.

Sinalar que a elección das áreas e obxectivos deste Plan, debeuse non só ás achegas das persoas e entidades implicadas no seu deseño senón tamén aos resultados obtidos no estudo diagnóstico sobre a situación de mulleres e homes da localidade.

Por todo isto, podemos concluír que a aprobación e posta en marcha do Plan de igualdade de oportunidades constituíu unha ferramenta pertinente e fundamental na loita contra as desigualdades no ámbito local.

4. VALORACIÓN DOS DEPARTAMENTOS E AXENTES SOCIOCOMUNITARIOS

Neste epígrafe expoñemos os resultados extraídos das entrevistas e/ou cuestionarios administrados a: persoal dos departamentos municipais, centros educativos, grupos políticos e axentes sociais e comunitarios da localidade (asociacións, comunidades de montes, asociacións veciñais, e diversos colectivos sociais, etc).

A continuación transcribimos todas as preguntas formuladas solicitando a súa opinión sobre o 3º Plan de Igualdade e amosamos as respostas emitidas sobre o desenvolvemento do Plan de Igualdade.

Sobre a pregunta, **que accións ou actividades levadas a cabo ao abeiro do 3º Plan de Igualdade sinalaría como máis relevantes**, as respostas sinalaron:

- Todas as accións son necesarias e importantes para o fortalecemento da perspectiva feminista no Concello.
- As charlas dirixidas ao profesorado co obxectivo de aplicar a perspectiva de xénero.
- A visibilización das mulleres LGBTI+
- A conmemoración do día 8 de marzo.
- A aplicación da perspectiva de xénero en: obras de teatro, concertos, exposicións, obradoiros, etc.
- As accións de empoderamento e emancipación das mulleres: elaboración do CV, manexo de tecnoloxías e plataformas da Administración.
- Asesoramento xurídico ás mulleres vítimas de violencia de xénero ou en situación de vulnerabilidade.
- A formación en Violencia de Xénero dirixida ao profesorado, profesionais e familias, Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.
- As clases de autodefensa feministas.
- As xornadas feministas.
- A formación para mulleres en risco de exclusión social, polo grande impacto que supón para elas a posibilidade de ser independentes e libres.

Salientar que as accións máis valoradas, en relación á frecuencia de aparición nas enquisas recepcionadas son:

- O asesoramento xurídico a mulleres vítimas de violencia de xénero
- A formación realizada en materia de Violencia de Xénero.

Unha das enquisas recibidas considera que *"ningunha acción é destacable porque está en contra de seguir fomentando a desigualdade con estas cousas"*.

Con respecto á segunda pregunta sobre **como valoran o traballo colaborativo desenvolvido na execución do 3º Plan de Igualdade**, unha persoa enquisada sinala o descoñecemento deste traballo; outra indica pouca visibilidade do mesmo; unha terceira resalta que é un elemento non avaliábel, e dúas inciden que a única colaboración é coa avogada responsable da área de Igualdade e Asesora Xurídica.

No tocante á pregunta relativa a **que aspectos sinala como óptimos do 3º Plan de Igualdade**, as respostas foron:

- A aplicación da perspectiva de xénero nalgúns programas do Concello.
- O Servizo de Atención ás mulleres vítimas.
- A formación do profesorado, non só de infantil e primaria.
- A creación do Servizo de Igualdade.
- Todas teñen relevancia nun tema tan sensible e delicado como este.
- Toda a oferta que na área estratéxica da eliminación da violencia machista desenvolveu a Deputación de Pontevedra no noso Concello.

Unha das enquisas sinala que *"non observa ningún aspecto, xa que habería que tratar á cidadanía por igual e non investir cartos nestas temáticas"*.

Ante a pregunta de **que consideran mellorable**, as respostas foron:

- Que a poboación de Tomiño participe máis, fundamentalmente a mocidade, facendo actividades atractivas.
- Dotar de continuidade ás accións realizadas coas familias e o profesorado, a través da estabilidade e tempo.
- Visibilizar máis o traballo feito
- Que poida haber un CIM
- Máis formación ao profesorado de Secundaria e Bacharelato.
- Que o documento do Plan e o concepto sexan doados de transmitir.
- A conciliación. Dous anos sin campamentos urbanos nin ningunha opción que os suplise. A creación de ludotecas xuvenís e infantís nas parroquias en colaboración coas asociacións de veciños e/ou culturais.

No tocante a **que ámbitos ou accións estima prioritarias á hora de seguir impulsando a igualdade entre mulleres e homes** as respostas foron as seguintes:

- Fomentar un feminismo e unha loita internacional que contemple todas as realidades e planos do movemento: a dignificación de realidades disidentes (mulleres trans, mulleres racializadas, mulleres pobres, mulleres con discapacidade e neurodiversidade, etc) como eixe central.
- A continua formación e aprendizaxe do persoal docente nos centros escolares, así como tamén das familias.
- A formación dos traballadores e traballadoras das administracións públicas.

- Seguir traballando coa poboación xeral.
- Educación no eido familiar e con profesionais do ensino e os seus equipos directivos.
- Comezar a facer actividades que abrangan a toda a cidadanía.
- Formación e máis formación ademais de actividades, pero por enriba de todo con adolescentes e profesorado.
- Incidir no eido da orientación laboral, traballar para sensibilizar sobre os estereotipos na contratación laboral e incidir na formación e orientación laboral das mulleres máis vulnerables (discapacitadas, inmigrantes...).
- Campañas de educación e concienciación á mocidade nos centros de ensino, así como tamén ao profesorado. Charlas, conferencias, reunións en todas as parroquias, etc.

Finalmente, ante a pregunta de si **queren engadir algo máis**, algunha/s persoa/s enquisadas expresaron o seu agradecemento por recoller a súa valoración de xeito anónimo, así como a expectativa de que se teña en conta. Unha persoa enquisada comenta que *“este plan está sin vigor dende o 2020. Un tempo excesivo para un Concello con máis de 14.000 habitantes como Tomiño. Cremos que este cuestionario chega tarde aos partidos políticos que queremos aportar, xa que logo, xa ten sido enviado a todas as asociacións, comunidades de montes e colectivos do Concello. Por outra banda se nos pide que fagamos achegas ao novo Plan de igualdade, pero non se nos remite ningún documento ou borrador para estudar as achegas. Supoñemos que aínda está sin elaborar...”*.

5. CONCLUSIÓNS E REFLEXIÓNS FINAIS

As conclusións finais do Plan de Igualdade 2017-2020 recollen unha visión global do proceso de execución do mesmo co obxectivo de extraer unha aprendizaxe e mellora. Neste sentido, a pesar do esforzo realizado e os resultados acadados, a avaliación final das accións e decisións realizadas permiten acometer unha análise crítica coa finalidade de mellorar actuacións futuras.

Para traballar a prol da igualdade efectiva entre mulleres e homes, o 3º Plan de Igualdade establece 3 Áreas Estratéxicas de intervención (Sensibilización e Participación en Igualdade de Oportunidades, Emprego e Conciliación e Eliminación da Violencia Machista). En termos cuantitativos, en xeral, o grao de execución do plan valórase positivo, as medidas desenvolvidas durante a súa vixencia constitúen o 62% e un 10% parcialmente desenvolvidas. Non obstante, a valoración da súa execución pode ser, sen dúbida, mellorable.

Por Áreas estratéxicas destaca en primeiro lugar a de *Eliminación da Violencia de Xénero* que amosa un 70% de cumprimento ao executar totalmente 7 de cada 10 accións dirixidas a consolidar e mellorar a atención ás mulleres vítimas e a fomentar a sensibilización social da cidadanía de Tomiño sobre o rexeitamento das violencias machistas. Os datos amosan o importante traballo levado a cabo polo Concello de Tomiño nesta área, tanto na realización de campañas de sensibilización como en accións formativas dirixidas a previr, detectar e actuar ante situacións de violencia machista. Salientar tamén o importante esforzo realizado dirixido a incrementar á atención e asesoramento xurídico das mulleres vítimas de violencia de xénero, así como mencionar que antes de rematar este proceso de elaboración do 4º Plan de Igualdade, o Concello de Tomiño realizou un importante labor para ofrecer unha atención integral ás vítimas implantando o Servizo de Atención Psicolóxica dirixido ás mulleres vítimas da violencia machista.

A área de *Emprego e Conciliación* presenta un nivel de execución do 60% das medidas dirixidas a reducir os obstáculos que impiden e/ou dificultan a inserción laboral das mulleres de Tomiño, a través da introdución do enfoque de xénero na formación para o emprego e a orientación laboral, así como, a potenciar a creación e ampliación de recursos e servizos que favorezan a conciliación da vida laboral, persoal e familiar de mulleres e homes. Estes datos amosan o labor desenvolvido polo Concello de Tomiño por incrementar o nivel de emprego e a inserción laboral das mulleres da localidade, así como por potenciar recursos e servizos que contribúan á conciliación da vida laboral, familiar e persoal. Así a todo, salienta a necesidade de realizar un esforzo por sensibilizar ao empresariado da zona sobre a importancia de integrar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como unha mellor xestión da empresa, ao centrarse nas aptitudes e actitudes das persoas e identificar as necesidades e dificultades das que parten as mulleres, derivadas dos estereotipos de xénero que tradicionalmente obstaculizan o seu desenvolvemento nas mesmas condicións e oportunidades.

A área de *Sensibilización e Participación en Igualdade de Oportunidades* presenta un 59% de execución total e un 14% parcial das súas medidas dirixidas a promover a sensibilización e concienciación social sobre a igualdade de oportunidades de diversos colectivos profesionais e da cidadanía en xeral e a incorporar a perspectiva de xénero nos departamentos municipais. Esta información permite inferir que o 73% desta área do Plan foi total ou parcialmente desenvolvida, e que os datos analizados poñen de manifesto o interese do Concello de Tomiño por traballar a prol da sensibilización e a participación en igualdade coa finalidade de eliminar as desigualdades existentes entre mulleres e homes da localidade.

Mencionar a dificultade para extraer e recompilar información relativa á execución de moitas das accións do plan, debido fundamentalmente a non contar cunha estrutura específica que xestione e coordine as políticas de igualdade. Para poder obter a máxima información sobre o Plan, a equipa de avaliación, realizou un baleirado da información e das novas sobre a execución e desenvolvemento de moitas das accións publicadas na web do Concello. Esta fonte de datos, deficiente en ocasións, non aportaba toda a información necesaria para poder levar a cabo unha avaliación exhaustiva e rigorosa das medidas executadas.

No Plan de Igualdade establecíase un sistema de seguimento continuo que permitira realizar un control sistemático das accións desenvolvidas e proporcionara información para poder cuantificar si os obxectivos propostos foron acadados, como se desenvolveu o Plan, as súas respectivas accións e deste xeito detectar as dificultades atopadas e a necesidade de introducir cambios e/ou axustes nas áreas que o precisen. Para facilitar este proceso, establecíase unha ficha de recollida da información para cada unha das accións que non puido ser cumprimentada. O feito de non dispor desta ficha cumprimentada, reduce as posibilidades de obter información sobre o seu proceso de execución. Para facilitar o proceso de avaliación, o Plan establecía unha serie de indicadores que proporcionarían información para cada unha das accións deseñadas. Cabe destacar como feito positivo, o exhaustivo listado de indicadores (cuantitativos e cualitativos) que se incorporaron ao Plan de Igualdade, se ben hai que salientar que a falla de recursos humanos e financeiros do Concello imposibilitaron a cuantificación dos mesmos.

O Plan de Igualdade establecía tamén no seu deseño os departamentos e axentes participantes para cada unha das accións. Con todo, de novo, compre destacar que debido á inexistencia dunha estrutura estable que execute e coordine as políticas de igualdade municipais, a maior parte do traballo será fundamentalmente executado pola Oficina de Igualdade o que supón unha sobrecarga de traballo ao ter que xestionar e coordinar as políticas de igualdade xunto coa atención no Servizo de Asistencia Xurídica a mulleres vítimas de Violencia de Xénero. Salientar tamén o importante traballo desenvolvido polos departamentos de Benestar Social e Cultura na execución e desenvolvemento dalgunhas medidas establecidas no Plan de Igualdade.

Compre tamén destacar o alcance e impacto que supuxo a pandemia do COVID-19 a nivel social, xa que o seu impacto, resultados e execución supuxo un estancamento e, nalgúns ámbitos, un retroceso para a situación de igualdade de mulleres e homes, que, polas súas características, afecta de forma diferente a ambos sexos. Neste sentido, moitas das accións programadas, tiveron que ser suspendidas e/ou anuladas debido ao alto índice de COVID-19 que presentaba o Concello en determinadas ocasións.

Finalmente, formúlase que para a elaboración do novo plan de igualdade, deberíase realizar unha proposta adaptada á realidade orzamentaria da Área de Igualdade e, sobre todo aos recursos humanos dispoñibles. Neste sentido, durante o proceso de avaliación, tívose constancia que, nalgúns casos, o feito de non contar con máis persoal técnico especializado nesta área, foi unha das causas principais para que moitas das accións non puideran ser levadas a cabo.

Tendo en conta o exposto anteriormente neste documento sobre a análise e avaliación do Plan de Igualdade, a continuación expóñense unha serie conclusións e recomendacións a ter en conta e que, sen dúbida, poden contribuír a mellorar e obter resultados máis satisfactorios no desenvolvemento de medidas e polo tanto, na consecución de obxectivos dun próximo plan de igualdade.

- En primeiro lugar, destacar que para avanzar en igualdade é totalmente necesario fomentar (teórica e practicamente) a incorporación da perspectiva de xénero de xeito transversal en todos os ámbitos e departamentos municipais. Neste sentido, recoméndase seguir incidindo na realización de accións de formación e sensibilización dirixidas ao persoal técnico e profesionais do Concello sobre xénero e igualdade, así como, como a realización de programas e actuacións que contemplan a perspectiva de xénero. Este feito permitirá identificar e recoñecer as situacións de desigualdade e discriminación e levar a cabo as accións previstas para eliminalas.
- Para poder integrar a perspectiva de xénero de xeito transversal e para poder desenvolver adecuadamente o Plan de Igualdade é imprescindible dotar á Oficina de Igualdade dunha estrutura estable dotada con persoal técnico con formación específica que execute, xestione e coordine as políticas de igualdade municipais.
- A inexistencia dunha estrutura que xestione e coordine o Plan de Igualdade implica un arduo e difícil traballo á hora de recompilar a información relativa ás accións executadas e non executadas. Polo tanto, para unha adecuada xestión do Plan sería importante a creación dunha Comisión Técnica de Xestión e Seguimento do Plan que sexa capaz de canalizar os esforzos e recursos necesarios para o cumprimento dos obxectivos de cada área e a execución das accións en coordinación cos departamentos municipais implicados.
- Cara á elaboración do próximo plan de igualdade considerase imprescindible seguir a desenvolver unha metodoloxía de carácter participativo que permita incorporar a diversidade de miradas. Ao mesmo tempo, fórmase tamén a necesidade de deseñar accións que poidan ser asumibles polo Concello e que teñan en conta o ámbito competencial do mesmo. Neste sentido, considerase que un plan demasiado ambicioso pode incorporar obxectivos difíciles de acadar debido precisamente ao ámbito competencial e/ou aos recursos humanos/económicos e as posibilidades reais do Concello.
- Buscar maior participación e colaboración por parte das diversas Áreas Municipais é imprescindible para acadar un maior grado de consecución dos obxectivos marcados no Plan de Igualdade. Resulta fundamental potenciar a cooperación e coordinación entre Áreas.
- Para dar a coñecer as políticas de Igualdade do Concello é importante difundir o Plan de Igualdade entre a poboación (asociacións, axentes sociais, empresariado, persoal municipal...) a través da realización dunha campaña de sensibilización específica.
- Valóranse positivamente os esforzos dirixidos á sensibilización e as accións formativas orientadas a previr, detectar e actuar ante situacións de violencia machista, xa sinaladas anteriormente.
- Seguir conmemorando o 8 de Marzo Día Internacional da Muller e o 25 Novembro día Internacional contra a Violencia de Xénero co obxectivo de fomentar a sensibilización social sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a prevención e erradicación da violencia de xénero.

- Continuar ofrecendo o Servizo de Información e Asesoramento Xurídico a Mulleres Vítimas e p o Servizo de Atención Psicolóxica co obxectivo de ofrecer unha atención integral ás vítimas de violencia de xénero.
- Establecer contactos coas empresas da zona para asegurarse que cumpren coa Lei de Igualdade e sensibilizalas sobre a importancia de aplicar medidas de igualdade de oportunidades nas súas empresas.
- Contemplar o alcance e impacto que supón a pandemia do COVID-19 a nivel social, xa que o seu impacto, resultados e execución supón un estancamento e, nalgúns ámbitos, un gran retroceso para a situación de igualdade de mulleres e homes, afectando de forma diferencial a mulleres e homes.
- O Plan de Igualdade contaba con orzamento municipal procedente da Concellería de Servizos Sociais, non obstante, co obxectivo de ampliar a dotación de recursos municipais destinados á igualdade, o Concello de Tomiño levou a cabo unha busca de financiamento a través de diversos niveis, co obxectivo de incrementar anualmente os orzamentos municipais e con outros fondos procedentes de subvencións e da colaboración e coordinación con outras Administracións, organismos e entidades.
- Para a elaboración do novo plan de igualdade, deberíase realizar unha proposta adaptada á realidade orzamentaria da Área de Igualdade e, sobre todo aos recursos humanos dispoñibles. Neste sentido, durante o proceso de avaliación, tívose constancia que, nalgúns casos, o feito de non contar con máis persoal técnico especializado é unha das causas principais para que moitas das accións non se puideran levar a cabo.
- Para concluír, reiterar que para levar a cabo a implantación e seguimento do Plan é imprescindible contar cunha Oficina de Igualdade dotada de persoal técnico con formación específica que permita implantar, executar e coordinar de xeito sistemático as políticas de igualdade e de prevención a violencia machista. Esta Oficina é de gran importancia para impulsar, coordinar e implantar a perspectiva de xénero na planificación, xestión e avaliación das políticas de igualdade municipais.